



ORDENANZA XERAL

Ordenanza de xestión, liquidación, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público local.

TÍTULO I. NORMAS TRIBUTARIAS DE CARÁCTER XERAL

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

- 1 Díctase esta Ordenanza xeral ao abeiro do disposto polo artigo 106.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e en desenvolvemento do establecido na Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.
- 2 Consonte o disposto polo artigo 15.3 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, esta Ordenanza contén a adaptación das normas relativas á xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos recollidas na Lei xeral tributaria, na Lei de dereitos e garantías do contribuínte e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento, ao réxime de organización e funcionamento interno propio do Concello de Santiago de Compostela.
- 3 As normas contidas nesta Ordenanza xeral serán de aplicación ao exercicio das competencias do Concello no relativo á xestión, liquidación, recadación e inspección dos seus propios tributos, na medida en que as ditas funcións sexan exercidas directamente por esta Administración.
- 4 Cando o precepto correspondente desta Ordenanza xeral o estableza de maneira expresa, o dito precepto será de aplicación ao exercicio das competencias do Concello no relativo á xestión, liquidación, recadación e inspección dos restantes ingresos de dereito público de natureza non tributaria que sexan da súa competencia, tales como prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias, prezos públicos, multas e sancións pecuniarias, na medida en que as ditas funcións sexan exercidas directamente polo Concello.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Esta Ordenanza xeral será de aplicación no termo municipal de Santiago de Compostela e rexerá desde a súa entrada en vigor ata a súa derogación ou modificación.

Artigo 3. Interpretación

- 1 As normas tributarias contidas nesta Ordenanza xeral interpretaranse de acordo cos criterios admitidos en dereito.
- 2 En tanto non sexan definidos polo ordenamento tributario aplicable, os termos empregados nesta Ordenanza xeral e nas ordenanzas fiscais reguladoras dos distintos tributos locais entenderanse consonte o seu sentido xurídico, técnico ou usual, segundo proceda.
- 3 Non se admitirá a analogía para estender máis alá dos seus termos estrictos o ámbito do feito impositivo ou o das exencións ou bonificacións.
- 4 Para evitar a fraude de lei entenderase que non existe extensión do feito impositivo cando se graven feitos, actos ou negocios xurídicos realizados co propósito de eludir o pagamento do tributo, amparándose no texto de normas dictadas con distinta finalidade, sempre que produzan un resultado equivalente ao derivado do feito impositivo. A fraude de lei tributaria deberá ser declarada en expediente especial no que se dea audiencia ao interesado.
- 5 Os feitos, actos ou negocios xurídicos executados en fraude de lei tributaria non impedirán a aplicación da norma tributaria eludida nin darán lugar ao nacemento das vantaxes fiscais que se pretendían obter mediante eles.
- 6 Nas liquidacións que se fagan como resultado do expediente especial de fraude de lei aplicarase a norma tributaria eludida e liquidaranse os xuros de mora correspondentes, sen que, unicamente para estes efectos, proceda a imposición de sancións.

- 7 Nos actos ou negocios en que se produza a existencia de simulación, o feito imponible gravado será o efectivamente realizado polas partes, con independencia das formas ou denominacións xurídicas utilizadas polos interesados.
- 8 Por decreto do Alcalde poderanse dictar disposicións interpretativas e aclaratorias desta Ordenanza e das ordenanzas reguladoras de cada exacción.

CAPÍTULO II. Dereitos e garantías nos procedementos tributarios.

SECCIÓN 1ª. Principios xerais

Artigo 4. Principios xerais en materia de dereitos e garantías básicos dos contribuíntes

- 1 Esta Ordenanza xeral regula os dereitos e garantías básicos dos contribuíntes nas súas relacións co Concello.
- 2 Os dereitos que se reflicten nesta Ordenanza xeral enténdense sen prexuízo dos dereitos recoñecidos no resto do ordenamento xurídico que resulte aplicable.
- 3 As referencias que nesta Ordenanza Xeral se realizan aos contribuíntes en materia de dereitos e garantías entenderanse, así mesmo, aplicables aos restantes suxeitos pasivos, responsables, sucesores na débeda tributaria, representantes legais ou voluntarios e obrigados a subministrar información ou a prestar colaboración ao Concello.
- 4 A ordenación dos tributos locais propios do Concello basearase na capacidade económica das persoas chamadas a satisfacelos e nos principios de xustiza, xeneralidade, igualdade, progresividade, equitativa distribución da carga tributaria e non confiscatoriedade.

- 5 A aplicación dos tributos locais propios do Concello basearase nos principios de xeneralidade, proporcionalidade, eficacia e limitación de custos indirectos derivados do cumprimento de obrigas formais. Así mesmo, asegurará o respecto dos dereitos e garantías do contribuínte establecidos nesta Ordenanza xeral.

SECCIÓN 2ª. Dereitos e garantías en particular

Artigo 5. Dereitos e garantías básicos dos contribuíntes en particular

Esta Ordenanza xeral reconece, en particular, os seguintes dereitos xerais dos contribuíntes:

- A Dereito a ser informado e asistido polo Concello no cumprimento das súas obrigas tributarias acerca do seu contido e alcance:
- 1 O Concello deberá prestar aos contribuíntes a necesaria asistencia e información acerca dos seus dereitos.
 - 2 Para tal fin, o Concello exporá no seu taboleiro de anuncios durante trinta días, como mínimo, os acordos provisionais adoptados para o establecemento, supresión e ordenación de tributos e para a fixación dos elementos necesarios para a determinación das respectivas cotas tributarias, así como as aprobacións e modificacións das correspondentes ordenanzas fiscais. Dentro do mencionado prazo, os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.
 - 3 O Concello publicará, en todo caso, os anuncios de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Estes anuncios publicaranse, ademais, nun xornal dos de maior difusión da provincia.

- 4 En todo caso, os acordos definitivos adoptados, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das ordenanzas ou das súas modificacións, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación.
 - 5 O Concello editará o texto íntegro das ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos dentro do primeiro cuadrimestre do exercicio económico correspondente.
 - 6 En todo caso, o Concello expedirá copias da publicación das súas ordenanzas fiscais a quen as demande.
 - 7 O Concello informará aos contribuíntes dos criterios administrativos existentes para a aplicación da súa normativa tributaria a través da Oficina de Información do Servicio de Xestión, Recadación e Inspección.
 - 8 Nos termos establecidos pola normativa aplicable, quedarán exentos de responsabilidade por infracción tributaria os contribuíntes que adecúen a súa actuación aos criterios manifestados polo Concello nas súas publicacións e comunicacións.
- B Dereito a obter, nos termos previstos nesta Ordenanza, as devolucións de ingresos indebidos e as devolucións de oficio que procedan, con abono dos xuros de mora previstos no artigo 58.2.c) da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, sen necesidade de efectuar requirimento para este efecto.
- C Dereito de que se lle reembolse, na forma fixada nesta Ordenanza, o custo dos avais e doutras garantías achegados para suspender a execución dunha débeda tributaria, en canto esta sexa declarada improcedente por sentenza ou resolución administrativa firme.
- D Dereito a coñecer o estado de tramitación dos procedementos en que sexa parte. O contribuínte que sexa parte nun procedemento de xestión tributaria competencia do Concello poderá coñecer, en calquera momento do seu desenvolvemento, o estado da súa tramitación. Así mesmo poderá obter, á súa custa, copia dos documentos que figuren no expediente e que deban ser tidos en conta polo

órgano competente á hora de dictar resolución, salvo que afecten a intereses de terceiros ou á intimidade doutras persoas ou que así o dispoña unha lei. Nas actuacións de comprobación e investigación, estas copias facilitaranse no trámite de audiencia ao interesado a que se refire a alínea L) deste mesmo artigo.

E Dereito a coñecer a identidade das autoridades e persoas ao servizo da Administración tributaria baixo a responsabilidade da cal se tramitan os procedementos de xestión tributaria en que teña a condición de interesado. A identificación corresponderá ao Alcalde ou Concelleiro en quen delegue, logo do informe do xefe de servizo.

F Dereito a solicitar certificación e copia das declaracións por el presentadas. Os contribuíntes teñen dereito a que se lles expida certificación das declaracións tributarias presentadas por eles ou de extremos concretos contidos nelas. Así mesmo, para os efectos da acreditación da presentación de documentos perante o Concello, ou da data da dita presentación, os contribuíntes teñen dereito a obter copia selada destes, sempre que a presenten xunto cos orixinais para o seu cotexo e, en caso de que os ditos documentos non deban constar no expediente, poderán solicitar a devolución de tales orixinais.

G Dereito a non achegar os documentos xa presentados e que se encontran en poder do Concello. Os contribuíntes poden rexeitar a presentación de documentos que non resulten esixidos pola normativa aplicable no procedemento de xestión tributaria que se trate. Así mesmo, teñen dereito a non achegar aqueles documentos xa presentados por eles mesmos e que se encontren en poder do Concello.

O Concello poderá, en todo caso, requirir ao interesado a ratificación daqueles datos específicos propios ou de terceiros, previamente presentados, contidos nos ditos documentos.

H Dereito ao carácter reservado dos datos, informes ou antecedentes obtidos polo Concello:

1 Os datos, informes ou antecedentes obtidos polo Concello teñen carácter reservado e só poderán ser utilizados para a efectiva aplicación dos tributos que teña encomendado xestionar, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, salvo nos supostos previstos nas leis.

Cantas autoridades, funcionarios ou outras persoas ao servizo do Concello teñan coñecemento destes datos, informes ou antecedentes estarán obrigados ao máis estricto e completo sexilo a respecto deles, agás nos casos previstos nas leis.

- 2 No marco previsto no apartado anterior, os contribuíntes poden acceder aos rexistros e documentos que, formando parte dun expediente, consten nos arquivos administrativos, sempre que tales expedientes correspondan a procedementos terminados na data da solicitude en que o solicitante teña intervido.

I Dereito a ser tratado co debido respecto e consideración. Os contribuíntes teñen dereito, nas súas relacións co Concello, a ser tratados co debido respecto e consideración polo persoal ao servizo deste.

J Dereito a que as actuacións do Concello que requiran a súa intervención se leven a cabo na forma que lle resulte menos gravosa. O Concello facilitará en todo momento ao contribuínte o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.

As actuacións do Concello que requiran a intervención dos contribuíntes deberán levarse a cabo da forma que resulte menos gravosa para estes, sempre que iso non prexudique o cumprimento das súas obrigas tributarias.

K Dereito a formular alegacións e a achegar documentos. Os contribuíntes poderán, en calquera momento do procedemento de xestión tributaria anterior ao trámite de audiencia ou, se é o caso, á redacción da proposta de resolución, aducir alegacións e presentar documentos ou outros elementos de xuízo, que serán tidos en conta polos órganos competentes ao redactar a correspondente proposta de resolución.

L Dereito a ser oído no trámite de audiencia con carácter previo á redacción da proposta de resolución:

- 1 En todo procedemento de xestión tributaria darase audiencia ao interesado antes de redactar a proposta de resolución para que poida alegar o que ao seu dereito conveña.

2 Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento, nin se teñan en conta na resolución, outros feitos nin outras alegacións e probas cas aducidas polo interesado.

M Dereito a ser informado dos valores dos bens inmobles que vaian ser obxecto de adquisición ou transmisión. En caso de que existan dúbidas acerca do interese lexítimo do solicitante da información, poderá darse un prazo de alegacións a quen figure como propietario nos rexistros fiscais, antes de resolver a consulta.

N Dereito a ser informado, ao inicio das actuacións de comprobación e investigación levadas a cabo pola Inspección tributaria do Concello, acerca da natureza e alcance destas, así como dos dereitos e obrigas no curso de tales actuacións, e a que se desenvolvan nos prazos previstos nesta Ordenanza xeral.

Ñ Dereito a empregar a lingua oficial que desexe. Os contribuíntes, nas súas relacións co Concello, poderán utilizar a lingua que desexen entre as que teñen a consideración de linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Dereito a que se resolvan expresamente os procedementos:

1 O Concello está obrigado a resolver expresamente todas as cuestións que xurdan nos procedementos de xestión tributaria iniciados de oficio ou por iniciativa de parte excepto nos procedementos relativos ao exercicio dos dereitos que só deban ser obxecto de comunicación e cando se produza a caducidade, a perda sobrevida do obxecto do procedemento, a renuncia ou o desistimento dos interesados.

Non obstante, cando o interesado pida expresamente que o Concello declare que se produciu algunha das referidas circunstancias, este quedará obrigado a resolver sobre o seu pedimento.

2 Os actos de liquidación, os de comprobación de valor, os que resolvan recursos, os que deneguen a suspensión da execución de actos de xestión tributaria, así como cantos outros se



establezan na normativa vixente e sexan competencia do Concello, serán motivados con referencia aos feitos e fundamentos de dereito.

CAPÍTULO III. Suxeitos pasivos dos tributos locais

Artigo 6. Suxeito pasivo

- 1 É suxeito pasivo dos tributos locais a persoa natural ou xurídica que, segundo a Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais ou calquera outra norma con rango de lei, resulta obrigada ao cumprimento das prestacións tributarias, sexa como contribuínte ou como substituto deste.
- 2 As ordenanzas reguladoras dos tributos, agás no caso dos impostos obrigatorios, determinarán o seu suxeito pasivo e as obrigas que lle incumben.

Artigo 7. Suxeito pasivo a título de contribuínte

- 1 É contribuínte en materia de tributos locais a persoa natural ou xurídica a quen a Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais ou calquera outra norma con rango de lei impón a carga tributaria derivada do feito imponible.

- 2 Nunca perderá a súa condición de contribuínte quen segundo a Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, ou calquera outra norma con rango de lei, deba soportar a carga tributaria, aínda que realice a súa translación a outras persoas.

Artigo 8. Suxeito pasivo a título de substituto do contribuínte

É substituto do contribuínte no ámbito dos tributos locais o suxeito pasivo que por imposición da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais ou calquera outra norma con rango de lei, e no lugar daquel, está na obriga de cumprir as prestacións materiais e formais da obriga tributaria.

Artigo 9. entidades sen personalidade xurídica

Terán a consideración de suxeitos pasivos dos tributos locais, cando así se estableza na Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais ou calquera outra norma con rango de lei, as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptibles de imposición.

Artigo 10. Concorrenza de dous ou máis titulares no feito imponible

A concorrenza de dous ou máis titulares no feito imponible dun tributo local determinará que queden solidariamente obrigados fronte ao Concello, salvo que a Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, ou calquera outra norma con rango de lei dispoña o contrario.

Artigo 11. Obrigas dos suxeitos pasivos

- 1 A obriga principal de todo suxeito pasivo dun tributo local consiste no pagamento da débeda tributaria. Así mesmo, queda na obriga de formular cantas declaracións e comunicacións sexan esixidas para cada tributo, consignando o número de identificación fiscal ou, de ser o caso, o número persoal de identificación de estranxeiro.
- 2 Están tamén na obriga de levar e conservar os libros de contabilidade, rexistros e demais documentos que en cada caso se establezan; de facilitar a práctica de inspeccións e comprobacións; de proporcionar ao Concello os datos, informes, antecedentes e xustificantes que teñan relación co feito imponible e a declarar o seu domicilio fiscal consonte o disposto nesta Ordenanza.
- 3 As obrigas a que se refire o número anterior en canto teñan o carácter de accesorias, non poderán esixirse unha vez que expire o prazo de prescrición da acción administrativa para facer efectiva a obriga principal.

Artigo 12. Imposibilidade de alterar a posición do suxeito pasivo

A posición do suxeito pasivo e dos demais elementos da obriga tributaria non poderá ser alterada por actos ou convenios dos particulares. Tales actos e convenios non producirán efecto diante da Administración municipal, sen prexuízo das súas consecuencias xurídico-privadas.

CAPÍTULO IV. Responsables dos tributos locais

Artigo 13. Responsables da débeda tributaria

- 1 Serán responsables da débeda tributaria, xunto cos suxeitos pasivos ou debedores principais, solidaria ou subsidiariamente, as persoas que sexan declaradas como tales pola Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladoras das facendas locais ou calquera outra norma con rango de lei.
- 2 Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.
- 3 A responsabilidade alcanzará a totalidade da débeda tributaria, con excepción das sancións. O recargo de constrinximento só será esixible ao responsable no suposto regulado no parágrafo terceiro do apartado seguinte.
- 4 En todo caso, a derivación da acción administrativa para esixir o pagamento da débeda tributaria aos responsables requirirá un acto administrativo no que, logo de dar audiencia ao interesado, se declare a responsabilidade e se determine o seu alcance.

O dito acto, que será dictado polo Alcalde, sen prexuízo das delegacións que poida conferir, seralles notificado, con expresión dos elementos esenciais da liquidación, conferíndolles desde o dito instante todos os dereitos do debedor principal.

Transcorrido o período voluntario que se concederá ao responsable para o ingreso, se non efectúa o pagamento, a responsabilidade estenderase automaticamente ao recargo a que se refire o artigo 127 da Lei xeral tributaria e a débeda seralle esixida pola vía de constrinximento.

- 5 A derivación da acción administrativa aos responsables subsidiarios requirirá a previa declaración de fallido do debedor principal e dos demais responsables solidarios, sen prexuízo das medidas cautelares que antes desta declaración poidan adoptarse dentro do marco legalmente previsto.

- 6 Cando sexan dous ou máis responsables solidarios ou subsidiarios dunha mesma débeda, esta poderá esixirse integramente a calquera deles.

Artigo 14. Responsabilidade solidaria

- 1 Responderán solidariamente das obrigas tributarias:
- a Todas as persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.
 - b Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, en proporción ás súas respectivas participacións, das obrigas tributarias das ditas entidades.
 - c Os socios ou partícipes no capital das sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, polo que se refire ás obrigas tributarias pendentes e só ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.
- 2 Así mesmo, responderán solidariamente do pagamento da débeda tributaria pendente, ata o importe do valor dos bens ou dereitos que se puidesen embargar:
- a Os que sexan causantes ou colaboren na ocultación maliciosa de bens e dereitos do obrigado ao pagamento.
 - b Os que por culpa ou negligencia incumpran as ordes de embargamento.
 - c Os que, con coñecemento do embargamento, colaboren ou consintan no levantamento dos bens.

Artigo 15. Esixencia do pagamento ao responsable solidario e procedemento para a declaración da responsabilidade

- 1 Nos supostos de responsabilidade solidaria, a falta de pagamento da débeda polo debedor principal, e sen prexuízo da responsabilidade deste, a Administración poderá reclamar dos responsables solidarios, se os houberse, o pagamento da débeda.

Entenderase producida a falta de pagamento da débeda tributaria unha vez transcorrido o período voluntario, ben polo vencemento do prazo a partir da notificación, nos casos de débedas liquidadas pola Administración municipal, ben polo vencemento do prazo para autoliquidar e ingresar no Concello, nos casos en que o suxeito pasivo estea obrigado a facelo, sen que se teña satisfeito a débeda.

- 2 Nos supostos de aval, fianza ou outra garantía persoal prestada con carácter solidario, a responsabilidade alcanzará a todos os compoñentes da débeda impagada, incluídos recargos, xuros e custas producidos, ata o límite do importe da dita garantía.
- 3 Nos supostos de depositarios de bens embargables que, con coñecemento previo da orde de embargo, colaboren ou consintan o seu levantamento, a responsabilidade alcanzará ao importe da débeda ata o límite do importe levantado.
- 4 O acto administrativo que declare a responsabilidade solidaria será dictado polo Alcalde, sen prexuízo da delegación que poida conferir, polo procedemento que corresponda dos previstos no artigo 12.3 do Regulamento xeral de recadación.

Artigo 16. Responsabilidade subsidiaria

- 1 Serán responsables subsidiariamente das obrigas tributarias, ademais dos sinalados na ordenanza reguladora do tributo en relación co previsto ao respecto pola Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais ou calquera outra norma con rango de lei, os seguintes:
 - a Polas infraccións tributarias simples e pola totalidade da débeda tributaria nos casos de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas. Os seus administradores que non realizasen os actos necesarios que fosen da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias infrinxidas, consentisen o incumprimento por quen deles dependa ou adoptasen acordos que fixesen posible tales infraccións.
 - b En todo caso, os administradores de persoas xurídicas que cesaran na súa actividade serán responsables subsidiariamente das obrigas tributarias pendentes destas. O previsto neste precepto non afectará ao establecido noutros supostos de responsabilidade na lexislación tributaria en vigor.
 - c Os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o íntegro cumprimento das obrigas tributarias que se xeraran con anterioridade ás ditas situacións e que sexan imputables aos respectivos suxeitos pasivos.
- 2 O acto administrativo que declare a responsabilidade subsidiaria será dictado polo Alcalde, sen prexuízo da delegación que poida conferir, polo procedemento previsto no artigo 14 do Regulamento xeral de recadación.

Artigo 17. Responsabilidade subsidiaria nos casos de bens afectos pola lei a débeda tributaria

- 1 Os adquirentes de bens afectos pola lei a débeda tributaria responderán con eles, por derivación da acción tributaria, se a débeda non se paga.

- 2 A derivación da acción tributaria contra os bens afectos esixirá acto administrativo debidamente notificado, podendo o adquirente efectuar o pagamento, deixar que prosiga a actuación ou reclamar contra a liquidación practicada ou contra a procedencia da dita derivación.

CAPÍTULO V. O domicilio fiscal

Artigo 18. O domicilio fiscal

- 1 O domicilio para os efectos tributarios será:
 - a Para as persoas naturais, o da súa residencia habitual.
 - b Para as persoas xurídicas, o do seu domicilio social, sempre que nel estea efectivamente centralizada a súa xestión administrativa e a dirección dos seus negocios. Noutro caso atenderase ao lugar en que radique a dita xestión ou dirección.
- 2 A administración tributaria poderá esixir aos suxeitos pasivos que declaren o seu domicilio tributario. Cando un suxeito pasivo cambie o seu domicilio deberá poñelo en coñecemento da Administración tributaria mediante declaración expresa para este efecto sen que o cambio de domicilio produza os efectos fronte a Administración ata tanto se presente a citada declaración tributaria. A Administración poderá rectificar o domicilio tributario dos suxeitos pasivos mediante a comprobación pertinente.
- 3 O incumprimento da obriga sinalada no apartado anterior será constitutiva de infracción tributaria simple.

Artigo 19. Suxeitos pasivos con residencia fóra do termo municipal

Os suxeitos pasivos que residan fóra do termo municipal virán obrigados a designar un representante e o seu domicilio dentro do termo municipal para canto se refira á administración económica e ao réxime de dereitos e obrigas que dela emanen.

CAPÍTULO VI. A base

Artigo 20. Determinación das bases impositibles

Nas ordenanzas reguladoras dos tributos nos que a débeda tributaria se determine a partir dunha base impositible, estableceranse os medios e métodos para a súa determinación, de acordo co previsto ao respecto pola Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Artigo 21. Determinación das bases impositibles en réxime de estimación directa

A determinación das bases tributarias en réxime de estimación directa corresponderá á Administración e aplicarase servíndose das declaracións ou documentos presentados ou dos datos consignados nos libros e rexistros comprobados administrativamente

Artigo 22. Determinación das bases impositibles en réxime de estimación indirecta

Cando a falta de presentación de declaracións ou cando as presentadas polos suxeitos pasivos non permitan á Administración o coñecemento dos datos necesarios para a estimación completa das bases impositibles ou cando os suxeitos pasivos ofrezan resistencia, escusa ou negativa á actuación inspectora ou incumpran substancialmente as súas obrigas contables, as bases ou rendementos determinaranse en réxime de estimación indirecta empregando para iso calquera dos seguintes medios:

- a Aplicando os datos e antecedentes dispoñibles que sexan relevantes para este efecto.
- b Empregando aqueles elementos que indirectamente acrediten a existencia dos bens e das rendas, así como dos ingresos, vendas, custos e rendementos que sexan normais no respectivo sector económico, atendidas as dimensións das unidades productivas ou familiares que deban compararse en termos tributarios.
- c Valorando os signos, índices ou módulos que se dean nos respectivos contribuíntes segundo os datos ou antecedentes que se posúan en supostos similares ou equivalentes.

Artigo 23. Aplicación do réxime de estimación indirecta e recursos contra a súa procedencia

- 1 Cando resulte aplicable o réxime de estimación indirecta de bases tributarias:
 - a A inspección dos tributos achegará, xunto coas actas extendidas para regularizar a situación tributaria dos suxeitos pasivos, informe razoado sobre: a´) as causas determinantes da aplicación do réxime de estimación indirecta; b´) a situación da contabilidade dos rexistros obrigatorios do suxeito inspeccionado; c´) a xustificación dos medios elixidos para a determinación das bases ou rendementos; d´) os cálculos e estimacións efectuados a partir dos anteriores.

- b) Naqueles casos en que non medie a actuación da Inspección dos tributos o órgano xestor competente dictará acto administrativo conxunto de fixación da base e liquidación tributaria que deberá notificar ao interesado cos requisitos aos que se refiren os artigos 121 e 124 da Lei xeral tributaria e con expresión dos datos indicados nos apartados a'), c'), e d') do parágrafo a) anterior.
- 2) A aplicación do réxime de estimación indirecta non requirirá acto administrativo previo que así o declare, sen prexuízo dos recursos que procedan contra os actos e liquidacións resultantes daquel. Nos recursos interpostos poderá cuestionarse a procedencia da aplicación do réxime de estimación indirecta.

Artigo 24. A base liquidable

Enténdese por base liquidable do tributo local que se trate o resultado de practicar, se é o caso, na imponible, as reducións establecidas na ordenanza fiscal correspondente, de acordo co previsto ao respecto pola Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, ou calquera outra norma con rango de lei.

CAPÍTULO VII. Beneficios fiscais

Ordenanza Xeral. Ordenanza de xestión, liquidación, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público local.

Artigo 25. Beneficios fiscais

- 1 Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.
- 2 Non obstante, tamén poderán recoñecerse os beneficios fiscais que se establezan nas ordenanzas fiscais nos supostos expresamente previstos pola lei.

Artigo 26. Solicitud de dos beneficios fiscais rogados

- 1 A tramitación da solicitude, así como a resolución e efectos dos beneficios fiscais rogados serán os previstos na ordenanza reguladora do respectivo tributo local.
- 2 Para o caso de que a ordenanza reguladora de cada tributo local non estableza regulación específica e o beneficio fiscal teña que concederse por pedimento de parte:
 - A A solicitude deberá presentarse:
 - a Cando se trate de tributos locais periódicos xestionados mediante padrón ou matrícula, no prazo establecido na respectiva ordenanza fiscal para a presentación das preceptivas declaracións de alta ou modificación.

Unha vez outorgado, o beneficio fiscal aplicarase nas sucesivas liquidacións en tanto non se alteren as circunstancias de feito ou de dereito que determinen o seu

outorgamento. A Administración municipal poderá, en calquera momento, requirir xustificación do mantemento das circunstancias que deron lugar o beneficio.

- b Cando se trate de tributos locais en que se encontre establecido o réxime de autoliquidación, no prazo de presentación da correspondente autoliquidación ou declaración-liquidación.
- c Nos restantes casos, nos prazos de presentación da correspondente declaración tributaria ou cando se presente a solicitude do permiso ou autorización que determine o nacemento da obriga tributaria, segundo proceda.

B Se a solicitude do beneficio se presenta dentro dos prazos a que se refire o apartado anterior, o seu recoñecemento producirá efecto desde o nacemento da obriga tributaria correspondente ao período impositivo en que a solicitude se formule. No caso contrario, o beneficio non alcanzará ás cotas xeradas con anterioridade á data en que se presente a dita solicitude.

- 3 A proba da concorrencia dos requisitos establecidos pola normativa de cada tributo para gozar dos beneficios fiscais corresponderá, en todo caso, ao suxeito pasivo.

CAPÍTULO VIII. A débeda tributaria e a débeda procedente doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria.

SECCIÓN 1ª. A débeda e os seus compoñentes

Artigo 27. A débeda tributaria

- 1 A débeda tributaria dos tributos locais estará constituída pola cota definida consonte o disposto pola ordenanza fiscal reguladora de cada tributo local, de acordo co previsto ao respecto pola Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.
- 2 De ser o caso, tamén formarán parte da débeda tributaria sinalada no apartado anterior:
 - a Os recargos esixibles legalmente sobre as bases ou as cotas.
 - b Os recargos por ingresos extemporáneos previstos no artigo 61.3 da Lei xeral tributaria.
 - c O xuro de mora, que será o xuro legal do diñeiro vixente ao largo do período en que aquel se produza, incrementado nun 25 por cento, salvo que a Lei de orzamentos xerais do Estado estableza outro diferente.
 - d O recargo previsto no apartado 1 do artigo 127 da Lei xeral tributaria.
 - e As sancións pecuniarias.

Artigo 28. A cota tributaria

A cota tributaria poderá determinarse:

- a En función do tipo de gravame, aplicado sobre a base que sinala a correspondente ordenanza fiscal, de acordo co previsto ao respecto pola Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.
- b Segundo a cantidade que resulte de aplicar a tarifa que sinala a correspondente ordenanza fiscal ou calquera outra norma con rango de lei.

- c Conxuntamente, como consecuencia da aplicación de ambos os dous procedementos.

Artigo 29. O xuro de mora

- 1 O pagamento da débeda tributaria deberá facerse dentro dos prazos que determina esta ordenanza, a normativa reguladora do tributo local correspondente ou, de non a haber, a normativa de recadación aplicable.
- 2 O vencemento do prazo establecido para o pagamento da débeda tributaria sen que este se efectúe producirá xuros de mora. Do mesmo xeito esixirase o xuro de mora nos supostos de suspensión da execución do acto e nos aprazamentos, fraccionamentos ou prórrogas de calquera tipo.
- 3 Na exacción dos restantes ingresos de dereito público das entidades locais a que se refire o apartado 4 do artigo 1 desta Ordenanza, os xuros de mora esixíranse e determinarínanse nos mesmos casos, forma e contía que na exacción dos tributos locais.

Artigo 30. Os recargos que forman parte da débeda tributaria

Na exacción dos restantes ingresos de dereito público das entidades locais a que se refire o apartado 4 do artigo 1 desta Ordenanza, esixíranse e determinarínanse os recargos a que se refire o apartado 2 do artigo 27 desta Ordenanza nos mesmos casos, forma e contía que na exacción dos tributos locais.

Artigo 31. Recargos por ingresos extemporáneos

Os ingresos correspondentes a declaracións-liquidacións ou autoliquidacións presentadas fóra de prazo sen requirimento previo así como as liquidacións derivadas de declaracións presentadas fóra de prazo sen requirimento previo, sufrirán un recargo do 20 por cento con exclusión das sancións que, noutro caso, puideran esixirse, pero non dos xuros de mora. Non obstante, se o ingreso ou a presentación da declaración se efectuase dentro dos tres, seis ou doce meses seguintes ao termo do prazo voluntario de presentación e ingreso, aplicarase un recargo único do 5, 10 ou 15 por cento respectivamente con exclusión do xuro de mora e das sancións que, noutro caso, puidesen esixirse.

Estes recargos serán compatibles, cando os obrigados tributarios non efectúen o ingreso ao presentaren a declaración-liquidación ou autoliquidación extemporánea, co recargo previsto no apartado 1 do artigo 127 da Lei xeral tributaria.

SECCIÓN 2ª. Extinción da débeda tributaria

Artigo 32. Extinción da débeda tributaria

As débedas tributarias derivadas dos tributos locais extinguíranse, total ou parcialmente, segundo os casos, por:

- a Pagamento.

- b Prescripción.
- c Compensación.
- d Condonación.
- e Insolvencia probada do debedor.

Artigo 33. O pagamento

O pagamento das débedas tributarias realizarase de acordo coas regras recollidas no título III desta Ordenanza.

Artigo 34. Prescripción

Prescribirán aos catro anos os seguintes dereitos e accións:

- a dereito do Concello de Santiago para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación.
- b A acción para esixir o pagamento das débedas tributarias liquidadas.

- c A acción para imponer sancións tributarias.
- d dereito á devolución dos ingresos indebidos derivados das débedas procedentes de actos de aplicación e efectividade dos tributos e restantes ingresos de dereito público do Concello de Santiago.

Artigo 35. Cómputo do prazo de prescripción

O prazo de prescripción comezará a contar nos distintos supostos a que se refire o artigo anterior como segue:

No caso regulado na alínea a), desde o día en que remate o prazo regulamentario para presentar a correspondente declaración.

No caso regulado na alínea b), desde a data en que remate o prazo de pagamento voluntario.

No caso regulado na alínea c), desde o momento en que se cometeron as respectivas infraccións.

No caso regulado na alínea d) desde o día en que se realizou o ingreso indebido.

Artigo 36. Interrupción do prazo de prescripción

- 1 Os prazos de prescripción a que se refiren as alíneas a), b), e c) do artigo 34 interrómpanse.

- a Por calquera acción administrativa, realizada con coñecemento formal do suxeito pasivo, conducente ao recoñecemento, regulación, inspección, aseguramento, comprobación, liquidación e recadación do tributo debido por cada feito imponible.
 - b Pola interposición de recursos de calquera clase.
 - c Por calquera actuación do suxeito pasivo conducente ao pagamento ou liquidación da débeda.
- 2 O prazo de prescrición a que se refire a alínea d) do artigo 34 desta Ordenanza interromperase por calquera acto evidente do suxeito pasivo que pretenda a devolución do ingreso indebido, ou por calquera acto do Concello de Santiago no que se recoñeza a súa existencia.
- 3 Producida a interrupción, iniciarase de novo o cómputo do prazo de prescrición a partir da data da última actuación do obrigado ao pagamento ou do Concello.

Artigo 37. Aplicación da prescrición

A prescrición aplicarase de oficio, sen necesidade de que a invoque ou excepción o suxeito pasivo. Será declarada por resolución do Alcalde logo do informe do Servicio Municipal de Xestión e Recadación.

Artigo 38. Extensión e efectos da prescrición

- 1 A prescrición gañada aproveita por igual a todos os obrigados ao pagamento.

- 2 Interrompido o prazo de prescrición para un, enténdese interrompido para todos os obrigados ao pagamento. Non obstante, se estes son mancomunados e só lle é reclamada a un dos debedores a parte que lle corresponde, non se interrompe o prazo para os demais.
- 3 Se existisen varias débedas tributarias liquidadas a cargo dun mesmo obrigado ao pagamento, a interrupción da prescrición por acción administrativa só afectará a débeda a que esta se refira.
- 4 A prescrición gañada extingue a débeda.

Artigo 39. Compensación de débedas tributarias e de débedas procedentes doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria

As débedas tributarias e as débedas procedentes doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria co Concello de Santiago poderán extinguirse total ou parcialmente por compensación, tanto en pagamento voluntario como en período executivo, cos créditos recoñecidos polo Concello a favor do debedor.

Artigo 40. Compensación de oficio de débedas tributarias e de débedas procedentes doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria de entidades públicas

As débedas a favor do Concello, cando o debedor sexa un ente contra o que non poida seguirse o procedemento de constrinximento por telo prohibido unha norma con rango de lei, serán compensables de oficio, unha vez transcorrido o período de pagamento voluntario. A resolución do Alcalde procedendo a compensar de oficio a débeda será notificada á entidade debedora.

Artigo 41. Compensación de oficio de débedas tributarias e de débedas procedentes doutros ingresos

de dereito público de natureza non tributaria

- 1 As débedas tributarias e as débedas procedentes doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria co Concello que se encontren na fase de xestión recadatoria, poderán extinguirse de oficio por compensación coas débedas recoñecidas por acto administrativo firme a que teñan dereito os debedores ou obrigados ao pagamento.
- 2 Cando un debedor á facenda local, que non sexa entidade pública, sexa pola súa vez acredor dela por un crédito recoñecido, transcorrido o período voluntario de pagamento da débeda e estendida a providencia de constrinximento comunicáraselle, se é posible, a incoación de expediente de compensación en tramite de audiencia para que no prazo de dez días presente as alegacións e documentos que considere oportunos. Transcorrido o período de audiencia o Alcalde, sen prexuízo das delegacións que poida conferir, dictará resolución procedendo a compensar de oficio a débeda e o recargo de constrinximento co crédito. A compensación seralle notificada ao interesado.
- 3 No suposto do artigo 63.3 do Regulamento xeral de recadación a compensación practicarase de oficio sendo notificada xunto coa nova liquidación.

Artigo 42. Compensación por iniciativa do obrigado ao pagamento de débedas tributarias e de débedas procedentes doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria

- 1 O debedor que inste a compensación deberá dirixir ao Concello a correspondente solicitude que conterà os seguintes requisitos:

- a Nome e apelidos, razón social ou denominación, domicilio fiscal e número de identificación fiscal do obrigado ao pagamento e, de ser o caso, da persoa que o represente.
 - b Identificación da débeda para a que se solicita compensación, indicando, cando menos, o seu importe, concepto e data de vencemento do prazo de ingreso voluntario.
 - c Identificación do crédito recoñecido por acto administrativo firme a prol do solicitante, que se ofrece en compensación, indicando, cando menos, o seu importe e concepto. A débeda e o crédito deben corresponder ao mesmo suxeito pasivo ou obrigado ao pagamento.
 - d Declaración expresa de que o crédito non foi transmitido, cedido ou endosado a un terceiro.
 - e Lugar, data e sinatura do solicitante.
- 2 Xunto coa solicitude de compensación achegaranse os seguintes documentos:
- a Se a débeda que se solicita compensar foi determinada mediante autoliquidación, modelo oficial de declaración-liquidación ou autoliquidación, debidamente cuberto, que o suxeito pasivo ou obrigado ao pagamento deba presentar consonte o disposto na normativa reguladora do tributo ou ingreso de dereito público de natureza non tributaria de que se trate.
 - b Certificado no que se reflecta a existencia do crédito recoñecido, pendente de pagamento, ou xustificante da súa solicitude, e a suspensión, por iniciativa do interesado, dos trámites para o seu abono en tanto non se comunique a resolución do procedemento de compensación. Se o crédito ofrecido en compensación deriva dun ingreso indebido por calquera tributo ou ingreso de dereito público de natureza non tributaria, en lugar da certificación anterior achegarase copia do acto, resolución ou sentenza firme que o recoñeza e declaración escrita do solicitante de que o dito acto non está recorrido.
- 3 Cando a solicitude de compensación se presente en período de pagamento voluntario, se ao remate do dito prazo estivese pendente de resolución, non se expedirá providencia de constrinximento.

Cando se presente en período executivo, sen prexuízo da non suspensión do procedemento, poderán paralizarse as actuacións de alleamento dos bens embargados ata a resolución da solicitude.

- 4 Se a solicitude non reúne os requisitos ou non se achegan os documentos que se sinalan neste artigo, o Concello requirirá ao solicitante para que, nun prazo de dez días, corrixa a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixer, teráselle por desistido da súa solicitude, arquivándose esta sen máis tramite.
- 5 Se se denegase a solicitude e esta se presentara dentro do período voluntario para o ingreso da débeda, na notificación do acordo, que deberá ser motivado, advertirase ao solicitante que a débeda deberá pagarse, xunto cos xuros correspondentes producidos, se é o caso, desde o remate do período voluntario ata a data da resolución, no prazo xeral establecido no artigo 20 do Regulamento xeral de recadación. Transcorrido o dito prazo, se non se produce o ingreso, esixirase pola vía de constrinximento. Se a compensación se solicitase en período executivo e se denegase, continuará o procedemento de constrinximento.
- 6 A resolución do Alcalde, nos procedementos recollidos neste artigo, deberá adoptarse no prazo de seis meses contados desde o día en que a solicitude tivo entrada nos rexistros do Concello. Transcorrido dito prazo sen que recaera resolución, os interesados poderán considerar rexeitada a súa solicitude para deducir fronte á denegación presunta o correspondente recurso ou esperar a resolución expresa.

Artigo 43. Efectos da compensación

- 1 Acordada a compensación, declararanse extinguidas as débedas e créditos na cantidade concorrente e practicaranse as operacións contables precisas para reflectilo. O Concello entregará ao interesado o xustificante da extinción da débeda.

- 2 No caso de compensación de débedas de entidades públicas a que se refire o artigo 65 do Regulamento xeral de recadación, se o crédito é inferior á débeda, pola parte de débeda que exceda do crédito acordaranse sucesivas compensacións cos créditos que posteriormente se recoñezan a favor das ditas entidades.
- 3 Nos demais casos:
 - a Pola parte concorrente procederase segundo o disposto no apartado 1 deste artigo.
 - b Se o crédito é inferior á débeda, a parte de débeda que exceda do crédito seguirá o réxime ordinario procedéndose ao seu conxinximento se non é ingresada ao seu vencemento ou continuando o procedemento se a débeda estaba xa conxinxida, considerándose, neste caso, a parte compensada como un ingreso a conta en período executivo.
 - c En caso de que o crédito sexa superior á débeda, acordada a compensación, abonarase a diferenza ao interesado.

Artigo 44. Condonación de débedas tributarias e de débedas procedentes doutros ingresos de dereito

público de natureza non tributaria

- 1 As débedas tributarias e as débedas procedentes doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria só poderán ser obxecto de condonación en virtude de lei, na contía e cos requisitos que nela se determinen.
- 2 A condonación, que será recoñecida por resolución do Alcalde, extingue a débeda nos termos previstos na lei que a outorgue.

Artigo 45. Insolvencia por imposibilidade do cobro das débedas tributarias e das débedas procedentes

doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria

- 1 As débedas tributarias e as débedas procedentes doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria que non puidesen facerse efectivas por ter sido declarados fallidos os obrigados ao pagamento e responsables, declararanse provisionalmente extinguidas na contía procedente, en tanto non se rehabiliten dentro do seu prazo de prescrición.
- 2 Se, vencido este prazo, non se rehabilitase a débeda, quedará definitivamente extinguida.
- 3 Para os efectos da declaración de créditos incobrables, o xefe do Servicio de Xestión e Recadación documentará debidamente os expedientes, formulando propostas que, coa conformidade do tesoureiro, serán sometidas á fiscalización de Intervención e á aprobación do Alcalde.

SECCIÓN 3ª. Garantías da débeda tributaria

Artigo 46. Prelación para o cobro dos créditos tributarios e para o cobro dos créditos procedentes

doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria

O Concello de Santiago gozará de prelación para o cobro dos créditos tributarios e para o cobro dos créditos procedentes doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria, vencidos e non satisfeitos, en canto concorran con acredores que non o sexan de dominio, prenda, hipoteca ou calquera outro dereito real debidamente inscrito no correspondente rexistro con anterioridade á data en que se faga constar nel o dereito do Concello.

Artigo 47. Sucesión no exercicio da actividade

- 1 As débedas e responsabilidades tributarias e as procedentes doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria derivadas do exercicio de explotacións e actividades económicas por persoas físicas, sociedades e entidades xurídicas, serán esixibles a quen os suceda por calquera concepto na respectiva titularidade, sen prexuízo do que para a herdanza aceptada a beneficio de inventario establece o código civil.
- 2 O que pretenda adquirir a dita titularidade, e logo da conformidade do titular actual, terá dereito a solicitar do Concello de Santiago certificación detallada das débedas e responsabilidades a que se refire o apartado anterior derivadas do exercicio da explotación e actividades sinaladas no devandito apartado anterior. En caso de que a certificación se expedira con contido negativo ou non se facilitara no prazo de dous meses, quedará aquel exento da responsabilidade establecida neste artigo.

Artigo 48. Preferencia do Concello de Santiago sobre outros acredores

- 1 Nos tributos que graven periodicamente os bens ou dereitos inscribibles nun rexistro público, ou os seus produtos directos, certos ou presuntos, o Concello de Santiago terá preferencia sobre calquera outro acredor ou adquirente, aínda que estes teñan inscrito os seus dereitos, para o cobro das débedas non satisfeitas correspondentes ao ano natural no que se exercite a acción administrativa de cobro e ao inmediato anterior. Para estes efectos, enténdese que se exercita a acción administrativa de cobro cando se inicia o período de recadación en pagamento voluntario.

- 2 Igualmente, o Concello de Santiago gozará da prerrogativa sinalada no apartado anterior para o cobro doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria esixido sobre bens inscribibles nun rexistro público.

Artigo 49. Afección dos bens e dereitos transmitidos

Os bens e dereitos transmitidos quedarán afectos á responsabilidade do pagamento das cantidades, liquidadas ou non, correspondentes aos tributos que graven as ditas transmisións, adquisicións ou importacións, ou aos restantes ingresos de dereito público de natureza non tributaria que recaian sobre eles, calquera que sexa o seu posuidor, agás que este resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral ou se xustifique a adquisición dos bens con boa fe e xusto título ou en establecemento mercantil ou industrial, en caso de bens mobles non inscribibles.

CAPÍTULO IX. Revisión en vía administrativa dos actos dictados en vía de xestión tributaria e en vía de xestión doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria.

Artigo 50. Declaración de nulidade de pleno dereito

- 1 Corresponderá ao Pleno a declaración de nulidade de pleno dereito dos actos seguintes:
 - a Os dictados por órganos manifestamente incompetentes.
 - b Os que son constitutivos de delicto.

- c Os dictados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido para o efecto das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.
- 2 O procedemento de nulidade a que se refire o apartado anterior poderá iniciarse:
- a Por acordo do órgano que dictou o acto ou do seu superior xerárquico.
 - b Por iniciativa do interesado.
- 3 No procedemento serán oídos aqueles a favor dos que este acto recoñeza dereitos.

Artigo 51. Revisión de oficio

- 1 Serán revisables por resolución do Pleno e, en caso de delegación, da Comisión de Goberno, mentres non prescriba a acción administrativa, tanto os actos dictados en vía de xestión tributaria, como os dictados en vía de xestión doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria, cando se encontren en calquera dos seguintes casos:
- a Os que, logo do expediente en que se teña dado audiencia ao interesado, se considere que infrinxen manifestamente a lei.
 - b Cando se acheguen novas probas que acrediten elementos do feito imponible integramente ignorados pola Administración municipal ao dictar o acto obxecto da revisión.

Artigo 52. Rectificación de erros materiais, aritméticos e de feito

A Administración municipal rectificará en calquera momento, de oficio ou por iniciativa do interesado, os erros materiais ou de feito e os aritméticos, sempre que non transcorreran catro anos desde que se dictou o acto obxecto de rectificación.

Artigo 53. Imposibilidade de revisión dos actos confirmados por sentenza xudicial firme

Non serán en ningún caso revisables os actos dictados en vía de xestión tributaria nin os dictados en vía de xestión doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria que foran confirmados por unha sentenza xudicial firme.

Artigo 54. Recurso de reposición

Contra os actos de aplicación e efectividade dos tributos e restantes ingresos de dereito público desta entidade local, só poderá interpoñerse recurso de reposición regulado no apartado 2 do artigo 14 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e desenvolto nesta Ordenanza como segue:

A Obxecto e natureza

Todos os actos dictados polo Concello de Santiago en vía de xestión dos seus tributos propios e dos seus restantes ingresos de dereito público poderán ser impugnados en vía administrativa mediante a interposición do correspondente recurso de reposición, que terá carácter obrigatorio.

Nos supostos en que a lei prevé a posibilidade de formular reclamacións económico-administrativas contra actos dictados en vía de xestión dos tributos locais, cando os ditos actos fosen dictados por esta entidade local, este recurso de reposición deberá interpoñerse obrigatoriamente con carácter previo á reclamación económico-administrativa.

B Competencia para resolver.

Será competente para coñecer e resolver o recurso de reposición o órgano da entidade local que dictara o acto administrativo impugnado.

C Prazo de interposición

O recurso de reposición interporase dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación expresa do acto para o que se solicita a revisión ou ao de remate do período de exposición pública dos correspondentes padróns ou matrículas de contribuíntes ou obrigados ao pagamento.

D Lexitimación.

Poderán interpoñer o recurso de reposición:

- a Os suxeitos pasivos e, se é o caso, os responsables dos tributos, así como os abrigados a efectuar o ingreso de dereito público de que se trate.
- b Calquera outra persoa que resulte afectada nos seus intereses lexítimos e directos polo acto administrativo de xestión.

E Representación e dirección técnica.

Os recorrentes poderán comparecer por si mesmos ou por medio de representante, sen que sexa preceptiva a intervención de avogado nin procurador.

F Iniciación.

O recurso de reposición interporase por medio de escrito no que se farán constar os seguintes extremos:

- a As circunstancias persoais do recorrente e, de ser o caso, do seu representante, con indicación do número de identificación fiscal ou do código identificador.
- b órgano perante o que se formula o recurso.
- c acto administrativo que se recorre, a data en que se dictou, o número de expediente, e demais datos relativos a el que se consideren oportunos.
- d domicilio que se sinala para os efectos de notificacións.
- e lugar e data de interposición do recurso.
- f No escrito de interposición formularanse as alegacións tanto sobre cuestións de feito como de dereito. Con dito escrito presentaranse os documentos que sirvan de base á pretensión que se exercita.
- g Se se solicita a suspensión do acto impugnado, xunto co escrito de iniciación do recurso achegaranse os xustificantes das garantías constituídas de acordo coa alínea I) seguinte.

G Posta de manifesto do expediente.

Se o interesado precisase do expediente de xestión ou das actuacións administrativas para formular as súas alegacións, deberá comparecer con tal obxecto perante a oficina xestora a partir do día seguinte á notificación do acto administrativo que se impugna e antes de que remate o prazo de interposición do recurso.

A oficina ou dependencia de xestión, baixo a responsabilidade do seu xefe, terá a obriga de poñer de manifesto ao interesado o expediente ou as actuacións administrativas que se requiran.

H Presentación do recurso.

O escrito de interposición do recurso presentarase no rexistro de entrada do Concello de Santiago ou, no seu lugar, nas dependencias ou oficinas a que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

I Suspensión do acto impugnado.

A interposición do recurso de reposición non suspenderá a execución do acto impugnado, coas consecuencias legais conseguintes, incluso a recadación de cotas ou dereitos liquidados, xuros e recargos. Os actos de imposición de sancións quedarán automaticamente suspendidos.

Non obstante, poderá suspenderse a execución do acto impugnado mentres dure a substanciación do recurso aplicando o establecido no Real decreto 2.244/1979, do 7 de setembro, polo que se regula o recurso de reposición previo ao económico-administrativo e no Real decreto 391/1996, de 1 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de procedemento nas reclamacións económico-administrativas, coas seguintes especialidades:

- a En todo caso será competente para tramitar e resolver a solicitude o órgano da entidade local que dictou o acto.
- b As resolucións denegatorias da suspensión só serán susceptibles de impugnación en vía contencioso-administrativa.
- c Cando se interpoña recurso contencioso-administrativo contra a resolución do recurso de reposición, a suspensión acordada en vía administrativa manterase, sempre que exista garantía suficiente, ata que o órgano xudicial competente adopte a decisión que corresponda en relación con dita suspensión.

J Outros interesados

Se do escrito inicial ou das actuacións posteriores resultasen outros interesados distintos do recorrente, comunicaráselles a interposición do recurso para que no prazo de cinco días aleguen o que ao seu dereito conveña.

K Extensión da revisión.

A revisión somete a coñecemento do órgano competente para a súa resolución, todas as cuestións que ofrezca o expediente, fosen ou non formuladas no recurso.

Se o órgano considera pertinente examinar e resolver cuestións non formuladas polos interesados, exporaas aos que se constituíran en parte no procedemento e concederalles un prazo de cinco días para formular alegacións.

L Resolución do recurso.

O recurso será resolto no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa presentación, con excepción dos supostos regulados nas alíneas J) e K) anteriores, nos que o prazo se computará desde o día seguinte a aquel en que se formulen as alegacións ou se deixen transcorrer os prazos sinalados.

O recurso entenderase rexeitado cando non recaía resolución en prazo.

A denegación presunta non exime da obriga de resolver o asunto.

M Forma e contido da resolución.

A resolución expresa do recurso producirase sempre de forma escrita, será sempre motivada, conterá unha sucinta referencia aos feitos e ás alegacións do recorrente e expresará de forma clara as razóns polas que se confirma ou revoga total ou parcialmente o acto impugnado.

N Notificación e comunicación da resolución.

A resolución expresa deberá ser notificada ao recorrente e aos demais interesados, se os houberse, no prazo máximo de dez días desde que se produza.

Ñ Impugnación da resolución.

Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñerse de novo este recurso, podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, todo iso sen prexuízo dos supostos en que a lei prevé a interposición de reclamacións económico-administrativas contra os actos dictados en vía de xestión dos tributos locais.

CAPÍTULO X. Devolucións e reembolsos

SECCIÓN 1ª. Devolucións

Artigo 55. Devolucións de ingresos indebidos

1 Os contribuíntes ou obrigados ao pagamento e os seus herdeiros ou habentes-causa terán dereito á devolución dos ingresos que indebidamente realizaran na facenda municipal con ocasión do pagamento das débedas procedentes de actos de aplicación e efectividade dos tributos e restantes ingresos de dereito público do Concello de Santiago, aplicándose a eles o xuro de mora regulado no artigo 58.2.c) da Lei xeral tributaria.

- 2 A cantidade a devolver como consecuencia dun ingreso indebido estará constituída esencialmente polo ingreso indebidamente efectuado e recoñecido a favor de quen teña o dereito a el segundo o disposto no apartado anterior.
- 3 Tamén formarán parte da cantidade a devolver, se é o caso:
 - a O recargo, as costas e os xuros satisfeitos durante o procedemento cando o ingreso indebido se realizara pola vía de constrinximento.
 - b O xuro de mora regulado no artigo 58.2.c) da Lei xeral tributaria aplicado ás cantidades indebidamente ingresadas polo tempo transcorrido desde a data do seu ingreso na facenda municipal ata a de ordenación do pagamento.

O tipo de xuro de mora aplicable será o vixente ao longo do período en que se produciu.
- 4 Corresponderá ao Alcalde dictar a resolución na que se recoñece o dereito a devolución.

Artigo 56. Devolucións de oficio.

O Concello de Santiago devolverá de oficio as cantidades que procedan no seguintes casos a partir do momento en que coñeza de xeito fidedigno que se produciu a circunstancia que determina a procedencia da devolución:

- a No caso das taxas, cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, ao servizo público, a actividade administrativa ou o dereito á utilización ou aproveitamento do dominio público non se preste ou desenvolva.
- b Tratándose de prezos públicos, cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo, o servizo ou a actividade non se preste ou desenvolva.

- c No caso das contribucións especiais, se os pagamentos anticipados fosen efectuados por persoas que non teñen a condición de suxeitos pasivos na data da esixibilidade do tributo ou ben excedesen da cota individual definitiva que lles corresponda

SECCIÓN 2ª. Reembolsos

Artigo 57. Reembolso dos custos das garantías

- 1 O Concello de Santiago reembolsará, logo da acreditación do seu importe, o custo das garantías achegadas para suspender a execución dunha débeda procedente de actos de aplicación e efectividade dos tributos e restantes ingresos de dereito público municipal, en canto esta sexa declarada improcedente por sentenza ou resolución administrativa e a dita declaración adquiera firmeza.
- 2 O reembolso dos custos das garantías achegadas para obter a suspensión da execución das débedas procedentes de actos de aplicación e efectividade dos tributos e restantes ingresos de dereito público municipal, alcanzará os custos necesarios para a súa formalización e mantemento nos termos previstos nesta Ordenanza xeral.
- 3 Cando a débeda procedente de actos de aplicación e efectividade dos tributos e restantes ingresos de dereito público municipal, sexa declarada parcialmente improcedente por sentenza ou resolución administrativa e a dita declaración adquiera firmeza, o reembolso alcanzará a parte que corresponda ao custo das referidas garantías.
- 4 O procedemento previsto nos artigos 57 a 65 desta Ordenanza xeral limitarase ao reembolso dos custos indicados nos apartados precedentes deste artigo, se ben o obrigado tributario que o considere procedente poderá instar o procedemento de responsabilidade patrimonial previsto no Título X da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando se dean as circunstancias previstas para iso. Para estes

efectos, o citado procedemento previsto na Lei 30/1992 será incompatible co regulado nesta Ordenanza xeral.

Artigo 58. Garantías obxecto de reembolso

Para os efectos do previsto no artigo anterior, o dereito ao reembolso regulado nesta Ordenanza xeral alcanzará as garantías que, prestadas consonte a normativa aplicable, fosen aceptadas para a suspensión da execución das débedas procedentes de actos de aplicación e efectividade dos tributos e restantes ingresos de dereito público municipal, e que de seguido se enumeran:

- a Avais prestados por entidades de crédito e sociedades de garantía recíproca.
- b Hipotecas mobiliarias e inmobiliarias.
- c Prendas con ou sen desprazamento posesorio.

Artigo 59. Determinación do custo das garantías prestadas.

Para os efectos de proceder ao seu reembolso, o custo das garantías enumeradas no apartado anterior determinarase da seguinte forma:

- a Nos avais, polas cantidades efectivamente satisfeitas á entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca en concepto de comisións e gastos pola formalización , o mantemento e a cancelación do aval.

- b Nas hipotecas e prendas referidas no artigo anterior, o seu custo incluírá o das cantidades satisfeitas polos seguintes conceptos: 1) gastos derivados da intervención da persoa que dá fe pública; 2) gastos rexistrados; 3) tributos derivados directamente da constitución da garantía e, se é o caso, da súa cancelación; 4) gastos derivados da taxación ou valoración dos bens ofrecidos en garantía a que se refire o artigo 76.5 do Regulamento do procedemento nas reclamacións económico-administrativas, aprobado polo Real decreto 391/1996, do 1 de marzo.

Artigo 60. Órganos competentes

O Alcalde será competente para acordar o reembolso do custo das garantías achegadas para a suspensión das débedas procedentes de actos de aplicación e efectividade dos tributos e restantes ingresos de dereito público do Concello de Santiago.

Para estes efectos, será competente para a tramitación do procedemento e para elevar a proposta de resolución ao Alcalde, o órgano de xestión e recadación que tramitara a suspensión da que trae causa a correspondente solicitude de reembolso.

Artigo 61. Iniciación do procedemento para o reembolso do custo das garantías achegadas

- 1 O procedemento iniciarase por iniciativa do interesado mediante escrito que deberá dirixir ao Alcalde. No dito escrito deberán constar as seguintes circunstancias:

- a As circunstancias persoais do recorrente e, se é o caso, do seu representante, con indicación do número de identificación fiscal ou do código identificador.
 - b domicilio que sinale o recorrente para as notificacións.
 - c Os feitos, razóns e pedimentos en que se concrete con toda claridade a solicitude.
 - d Lugar e data.
 - e Sinatura do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresa por calquera medio.
 - f Órgano ao que se dirixe.
- 2 Xunto coa solicitude de reembolso achegaranse necesariamente os seguintes documentos:
- a Copia da resolución administrativa ou xudicial pola que se declare improcedente total ou parcialmente o acto administrativo que tivo suspendida a súa execución, con mención da súa firmeza.
 - b Acreditación do importe ao que ascendeu o custo das garantías, do que se solicita o seu reembolso. No caso de avais, deberá presentarse o certificado expedido pola entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca concedente do aval, facendo constar as cantidades satisfeitas a esta pola concesión, o mantemento e a cancelación do aval, con expresión da cantidade avalada, así como copia do aval presentado. No caso do resto de garantías a que se refire o artigo 58 desta Ordenanza xeral, deberá acreditarse o pagamento efectivo dos gastos enumerados na alínea b) do artigo 59 desta Ordenanza xeral.
 - c Declaración que exprese o medio elixido para efectuar o reembolso. Para estes efectos, poderase optar por calquera dos seguintes: 1) transferencia bancaria, indicando todos os díxitos do código de conta normalizado polo Consello Superior Bancario e os datos identificativos da entidade de

crédito de que se trate; 2) cheque nominativo; 3) compensación nos termos previstos nos artigos 39 e seguintes desta Ordenanza xeral.

Artigo 62. Instrucción do procedemento para o reembolso do custo das garantías achegadas

- 1 O órgano que instrúa o procedemento poderá levar a cabo cantas actuacións resulten necesarias para comprobar a procedencia do reembolso solicitado. Para tal fin, poderá solicitar os informes e realizar as actuacións que resulten procedentes.
- 2 Se o escrito de solicitude non reunise os extremos referidos no artigo anterior ou non levase incorporada a documentación precisa, o órgano competente para a tramitación requirirá ao interesado para que, no prazo de dez días, corrixa a falta ou achegue os documentos preceptivos con indicación de que, de non o facer, se lle terá por desistido do seu pedimento e arquivarase sen máis trámite.
- 3 O prazo sinalado no apartado anterior poderá ser ampliado por pedimento do interesado ou a iniciativa do órgano que instrúe cando a achega dos documentos requiridos presente especiais dificultades.
- 4 Rematadas as actuacións, o órgano que instrúe, antes de redactar a proposta de resolución, dará audiencia ao interesado para que este poida alegar o que ao seu dereito conveña.

Non obstante, poderá prescindirse do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as xa aducidas polo interesado.

Especialmente poderá prescindirse do trámite de audiencia cando a proposta de resolución resulte nos mesmos termos que a solicitude do interesado ou cando rectifique meros erros aritméticos deducidos dos feitos e documentos presentados.

Artigo 63. Resolución do procedemento para o reembolso do custo das garantías achegadas

- 1 Cando en virtude dos actos de instrucción desenvoltos resulte procedente o reembolso do custo da garantía achegada, o Alcalde dictará resolución nun prazo máximo de seis meses acordando o reembolso das cantidades a que se refire a alínea b) do artigo 59 desta Ordenanza xeral, en canto quedaran debidamente acreditadas e correspondan á suspensión da débeda declarada total ou parcialmente improcedente.

En caso de que se acepte parcialmente, o reembolso alcanzará só a parte do custo correspondente á débeda anulada.

- 2 Contra a resolución que poña fin a este procedemento, só poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 54 desta Ordenanza.
- 3 Transcorrido o prazo para dictar a resolución sen que esta se dictara, entenderase rexeitada a solicitude

Artigo 64. Execución da resolución que pon fin ao procedemento para o reembolso do custo das garantías achegadas

Dictada a resolución pola que se reconece o dereito ao reembolso do custo da garantía achegada, notificarase ao interesado e expedirase o oportuno mandamento de pagamento a favor da persoa ou entidade acreedora.

Artigo 65. Reducción proporcional de garantías

Nos supostos en que se acepte parcialmente o recurso ou reclamación interpostos e ata que a sentenza ou resolución administrativa adquira firmeza, o interesado poderá solicitar a redución proporcional da garantía achegada, se ben a garantía anterior seguirá afectada ao pagamento da débeda subseguinte e manterá a súa vixencia ata a formalización da nova garantía que cubra o importe da débeda subsistente.

Unicamente para o efecto da redución ou substitución das garantías achegadas, o órgano xestor practicará a liquidación que resultara da resolución do correspondente recurso ou reclamación, que servirá para determinar o importe da redución procedente e, en consecuencia, da garantía que debe quedar subsistente.

Será competente para proceder á substitución da garantía o órgano de xestión e recadación que tramitara a suspensión.

TÍTULO II. XESTIÓN TRIBUTARIA: PROCEDEMENTOS

CAPITULO I. Iniciación e trámites

Artigo 66. Inicio do procedemento

A xestión dos tributos locais iniciarase:

- a) Por declaración ou iniciativa do suxeito pasivo.
- b) De oficio.

- c) Por actuación investigadora dos órganos administrativos do Concello.

Artigo 67. Declaracións tributarias

- 1 Considerarase declaración tributaria todo documento polo que se manifeste ou recoñeza espontaneamente ante os órganos competentes do Concello que se deron ou produciron as circunstancias ou elementos integrantes, de ser o caso, dun feito imponible.
- 2 A presentación na oficina tributaria do Concello da correspondente declaración non implica aceptación ou recoñecemento da procedencia do gravame.
- 3 Considerarase declaración tributaria a presentación diante da oficina tributaria do Concello dos documentos en que se conteña ou que constitúan o feito imponible.

Artigo 68. Denuncia pública

- 1 A denuncia pública é independente do deber de colaborar co Concello consonte os artigos 111 e 112 da Lei xeral tributaria, e poderá ser realizada polas persoas físicas ou xurídicas que teñan capacidade de obrar na orde tributaria, con relación a feitos e situacións que coñezan e poidan ser constitutivos de infraccións tributarias ou doutra maneira poidan ter transcendencia para a xestión dos tributos locais.

- 2 Recibida a denuncia, darase traslado dela aos órganos competentes para levar a cabo as actuacións que procedan.
- 3 As denuncias infundadas poderán archivarase sen máis tramite.
- 4 Non se considerará ao denunciante interesado na actuación administrativa que se inicie a raíz da denuncia, nin lexitimado para a interposición de recursos ou reclamacións en relación cos seus resultados.

Artigo 69. Requirimentos por parte do Concello

A Administración municipal pode recabar declaracións e a súa ampliación, así como a corrección dos defectos advertidos, en canto fose necesario para a liquidación do correspondente tributo local e a súa comprobación.

Artigo 70. Prazos da xestión tributaria

- 1 Sen prexuízo do disposto en materia de prazos nesta Ordenanza xeral, as ordenanzas fiscais reguladoras dos distintos tributos locais sinalarán os prazos a que terá que axustarse a realización dos respectivos trámites.
- 2 A inobservancia de prazos pola Administración municipal non implicará a caducidade da acción administrativa, pero autorizará aos suxeitos pasivos para reclamar en queixa.

Artigo 71. Notificacións

1 O previsto neste artigo será de aplicación sen prexuízo do previsto nesta Ordenanza xeral para o caso das notificacións na xestión dos tributos de cobro periódico mediante recibo.

2 Nos procedementos de xestión, liquidación, comprobación, investigación e recadación dos diferentes tributos locais, as notificacións practicaranse por calquera medio que permita ter constancia da recepción, así como da data, a identidade de quen recibe a notificación e o contido do acto notificado.

A acreditación da notificación efectuada incorporarase ao expediente.

3 A notificación practicarase no domicilio ou lugar sinalado para este efecto polo interesado ou o seu representante. Cando isto non fose posible, en calquera lugar adecuado para tal fin, e por calquera medio consonte o disposto no apartado anterior.

Cando a notificación se practique no domicilio do interesado ou no do seu representante, de non estar este presente no momento da entrega da notificación, poderá facerse cargo dela calquera persoa que se encontre no domicilio e faga constar a súa identidade.

4 Cando o interesado ou o seu representante rexeiten a notificación, faranse constar no expediente correspondente as circunstancias do intento de notificación, e esta terase por efectuada para todos os efectos legais.

5 Cando non sexa posible realizar a notificación ao interesado ou ao seu representante por causas non imputables á Administración municipal, e unha vez intentado por dúas veces, farase constar esta circunstancia no expediente con expresión das circunstancias dos intentos de notificación. Nestes

casos, citarase ao interesado ou ao seu representante para ser notificados por comparecencia, por medio de anuncios que se publicarán, por unha soa vez para cada interesado no Boletín Oficial da Provincia.

Estas notificacións publicaranse así mesmo no taboleiro de edictos do Concello. Na publicación no Boletín Oficial da Provincia constará a relación de notificacións pendentes con indicación do suxeito pasivo, obrigado tributario ou representante, procedemento que as motiva, órgano responsable da súa tramitación, e o lugar e prazo en que o seu destinatario deberá comparecer para ser notificado. En todo caso, a comparecencia producirase no prazo de dez días, contados desde o seguinte ao de publicación do anuncio no correspondente Boletín Oficial. Cando transcorrido o dito prazo non comparecese, a notificación entenderase producida para todos os efectos legais desde o día seguinte ao de vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Artigo 72. Reclamación en queixa

- 1 En todo momento poderá reclamarse en queixa contra os defectos de tramitación e, en especial, contra os que supoñan paralización do procedemento, infracción dos prazos sinalados ou omisión de trámites que poidan corrixirse antes da resolución definitiva do asunto.
- 2 A aceptación da queixa dará lugar, se houberse razóns para iso, á incoación de expediente disciplinario contra o funcionario responsable.

Artigo 73. Consultas tributarias

- 1 Os suxeitos pasivos e demais obrigados tributarios poderán formular á Administración municipal consultas debidamente documentadas respecto ao réxime, á clasificación ou á cualificación tributaria que en cada caso lles corresponda.

As consultas serán formuladas polos suxeitos pasivos ou, de ser o caso, obrigados tributarios mediante escrito dirixido ao Alcalde no que, con relación á cuestión suscitada, se expresen con claridade e coa extensión necesaria:

- a) Os antecedentes e as circunstancias do caso.
 - b) As dúbidas que suscite a normativa tributaria aplicable.
 - c) Os demais datos e elementos que poidan contribuír á formación de xuízo por parte da Administración tributaria
- 2 Agás nos supostos previstos nos apartados 4 e 5 do artigo 107 da Lei xeral tributaria, a contestación non terá efectos vinculantes para ao Concello de Santiago. Non obstante, o obrigado tributario que, tras recibir contestación á súa consulta, cumprise as súas obrigas tributarias de acordo con ela, non incorrerá en responsabilidade, sen prexuízo da esixencia das cotas, importes, recargos e xuros de mora pertinentes, sempre que a consulta se formulara antes de producirse o feito impositivo ou dentro do prazo para a súa declaración e non se alteraran alterado as circunstancias, antecedentes e demais datos descritos nas alíneas a) e c) do apartado 1 deste artigo.
- 3 Así mesmo, poderán formular consultas debidamente documentadas os colexios profesionais, cámaras oficiais, organizacións patronais, sindicatos, asociacións de consumidores, asociacións empresariais e organizacións profesionais, así como as federacións que agrupen os organismos ou entidades antes citados, cando se refiran a cuestións que afecten á xeneralidade dos seus membros ou asociados.

Non incorreran en responsabilidade, nos termos do apartado anterior, os obrigados tributarios que cumprisen coas súas obrigas tributarias de acordo coa contestación ás devanditas consultas.

- 4 Os obrigados tributarios no poderán emprender recurso ningún contra a contestación ás consultas recollidas neste precepto, sen prexuízo de que poidan facelo contra o acto ou actos administrativos dictados de acordo cos criterios manifestados nelas.

CAPITULO II. A proba

Artigo 74. A proba

- 1 Tanto no procedemento de xestión, como no de resolución de recursos, quen faga valer o seu dereito deberá probar os feitos normalmente constitutivos do mesmo.
- 2 Esta obriga enténdese cumprida se se designan, de modo concreto, os elementos de proba en poder da Administración tributaria municipal.

Artigo 75. Medios e valoración de probas

Nos procedementos tributarios serán de aplicación as normas que sobre medios e valoración de probas contén o Código civil e a Lei de axuizamento civil, salvo o que se establece nos artigos seguintes.

Artigo 76. Presunción de certeza das declaracións tributarias

As declaracións tributarias a que se refire o artigo 67 desta Ordenanza presúmense certas, e só poderán ser rectificadas polo suxeito pasivo mediante proba de que ao facelas se incorreu en erro de feito.

Artigo 77. A confesión

- 1 A confesión dos suxeitos pasivos versará exclusivamente sobre supostos de feito.
- 2 Non será válida a confesión cando se refira ao resultado de aplicar as correspondentes normas legais.

Artigo 78. As presuncións tributarias

- 1 As presuncións establecidas polas leis tributarias poden destruírse pola proba en contrario, agás nos casos en que aquelas expresamente o prohiban.
- 2 Para que as presuncións non establecidas pola lei sexan admisibles como medio de proba é indispensable que entre o feito demostrado e aquel que se trate de deducir haxa un enlace preciso e directo segundo as regras do criterio humano.
- 3 A administración tributaria municipal terá o dereito de considerar como titular de calquera ben, dereito, empresa, servizo, actividade, explotación ou función, a quen figure como tal nun rexistro fiscal ou noutro de carácter público, salvo proba en contrario.

CAPITULO III. As liquidacións tributarias

Artigo 79. As liquidacións tributarias

- 1 As liquidacións tributarias serán provisionais ou definitivas.
- 2 Terán consideración de definitivas:
 - a) As practicadas logo da comprobación administrativa do feito imponible e da súa valoración, teña mediado ou non liquidación provisional.
 - b) As que non foran comprobadas, dentro do prazo de prescrición.
- 3 Nos demais casos terán carácter de provisionais, sexan a conta, complementarias, caucionais, parciais ou totais.
- 4 Así mesmo, terán a consideración de provisionais as liquidacións practicadas pola Administración municipal de acordo coa cualificación, bases, valores ou cotas sinaladas polo Estado nos tributos de xestión compartida, cando os ditos actos de cualificación ou fixación da base, valores ou cotas foran dictados sen a comprobación previa do feito imponible ou das circunstancias determinantes da súa respectiva cualificación, valoración ou sinalamento de cotas por parte da Administración competente.

Artigo 80. Inexistencia de obriga para a Administración municipal de axustar as liquidacións aos datos consignados nas declaracións

A Administración Tributaria non está obrigada a axustar as liquidacións aos datos consignados nas súas declaracións polo suxeitos pasivos.

Artigo 81. Liquidación dun tributo en función da base establecida para outro

Cando nunha liquidación dun tributo a base se determine en función das establecidas para outros, aquela non será definitiva ata tanto estas últimas non adquiran firmeza.

Artigo 82. Liquidacións provisionais de oficio

1 A Administración municipal poderá dictar liquidacións provisionais de oficio de acordo cos datos consignados nas declaracións tributarias e nos seus xustificantes presentados coa declaración ou requiridos para este efecto.

De igual maneira poderá dictar liquidacións provisionais de oficio cando os elementos de proba que consten no seu poder poñan de manifesto a realización do feito imponible, a existencia de elementos deste que non foran declarados ou a existencia de elementos determinantes da contía da débeda tributaria distintos aos declarados.

Así mesmo, dictaranse liquidacións provisionais de oficio cando, con ocasión da práctica de devolucións tributarias, o importe da devolución efectuada pola Administración tributaria non coincida co solicitado polo suxeito pasivo, sempre que concorran as circunstancias previstas no parágrafo primeiro ou se dispoña dos elementos de proba a que se refire o parágrafo segundo deste apartado.

- 2 Para practicar as ditas liquidacións, a Administración municipal poderá efectuar as actuacións de comprobación abreviada que sexan necesarias, sen que en ningún caso se poida estender ao exame da documentación contable de actividades empresariais ou profesionais.

Malia o anterior, no suposto de devolucións tributarias, o suxeito pasivo deberá exhibir, se fose requirido para facelo, os rexistros e documentos establecidos polas normas tributarias, co obxecto de que a Administración municipal poida constatar se os datos declarados coinciden cos que figuran nos rexistros e documentos de referencia.

- 3 Antes de dictar a liquidación porase de manifesto o expediente aos interesados ou, de ser o caso, aos seus representantes para que, nun prazo non inferior a 10 días nin superior a 15, poidan alegar e presentar os documentos e xustificantes que consideren pertinentes.

Artigo 83. Posibilidade de refundir nun documento único a declaración, liquidación e recadación das exaccións que recaian sobre o mesmo suxeito pasivo

Poderán refundirse nun documento único a declaración, liquidación e recadación das exaccións que recaian sobre o mesmo suxeito pasivo. Neste caso requirirase:

- a Na liquidación deberán constar as bases e tipos ou cotas de cada concepto, co que quedarán determinadas ou individualizadas cada unha das liquidacións que se refunden.
- b Na recadación deberán constar por separado as cotas relativas a cada concepto. A suma de todos determinará a cota refundida para a súa exacción mediante documento único.

Artigo 84. Tributos obxecto de padrón ou matrícula

- 1 Poderán ser obxecto de padrón ou matrícula os tributos nos que pola súa natureza se produza continuidade de feitos impositivos. Tamén se poderán confeccionar matriculas ou padróns comprensivos de diversos tributos.
- 2 As altas produciranse, ben por declaración do suxeito pasivo, ben pola acción investigadora da Administración, ou de oficio, e producirán efecto na matrícula na data que se determine na correspondente ordenanza fiscal reguladora do tributo.
- 3 As baixas deberán ser formuladas polos suxeitos pasivos e, unha vez comprobadas, producirán a definitiva eliminación do padrón con efectos a partir do período seguinte a aquel en que fosen presentadas, salvo as excepcións reguladas en cada ordenanza fiscal reguladora do correspondente tributo.
- 4 Os suxeitos pasivos estarán na obriga de poñer en coñecemento da Administración tributaria municipal dentro do prazo establecido na correspondente ordenanza fiscal reguladora do tributo e, de non a haber, no dun mes desde que se produza, toda modificación que xurda e que poida orixinar alta, baixa ou alteración no padrón. O incumprimento deste deber será considerado infracción tributaria e sancionado como tal.
- 5 Os padróns e matriculas someteranse cada exercicio á aprobación do Alcalde e, unha vez aprobadas, exporanse ao público durante un período de quince días contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.
- 6 A exposición ao público dos padróns ou matriculas producirá os efectos de notificación das liquidacións de cotas que figuren consignadas para cada un dos interesados. Contra os ditos actos poderase interpoñer o recurso de reposición regulado no apartado 2 do artigo 14 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais nos termos previstos en dito precepto legal e no artigo 54 desta Ordenanza.
- 7 A exposición ao público realizarase no lugar indicado polo anuncio que preceptivamente terá que fixarse no taboleiro de edictos do Concello, así como por medio da inserción no Boletín Oficial da

Provincia. Independentemente dos anteriores, únicos obrigatorios para os efectos do procedemento, publicarase extracto do anuncio, cando menos, nun dos xornais de maior tirada da provincia.

Artigo 85. Notificación das liquidacións tributarias

- 1 As liquidacións tributarias notificaranse aos suxeitos pasivos con expresión:
 - a Dos elementos esenciais daquelas. Cando supoñan un aumento da base imponible respecto da declarada polo interesado, a notificación deberá expresar de forma concreta os feitos e elementos que a motivan.
 - b Dos medios de impugnación que poden ser exercidos, con indicación dos prazos e órganos en que terán que ser interpostos.
 - c Do lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria.
- 2 As liquidacións definitivas, aínda que non rectifiquen as provisionais, deberán acordarse mediante acto administrativo e notificarse ao interesado en forma regulamentaria.
- 3 Nos tributos de cobro periódico por recibo, unha vez notificada a liquidación correspondente á alta no respectivo rexistro, padrón ou matrícula, poderán notificarse colectivamente as sucesivas liquidacións mediante edictos que así o advirtan. O aumento da base tributaria sobre a resultante das declaracións deberá notificarse ao suxeito pasivo con expresión concreta dos feitos e elementos adicionais que o motiven, agás cando a modificación proveña de revalorizacións de carácter xeral autorizadas polas leis.

- 4 As ordenanzas fiscais reguladoras de cada tributo local poderán determinar en qué supostos non sexa preceptiva a notificación expresa, sempre que a Administración municipal así o advirta por escrito ao presentador da declaración, documento ou parte de alta.
- 5 Non será necesaria en período executivo a notificación expresa dos xuros producidos se na notificación da débeda principal, sexa esta de natureza tributaria ou proceda de calquera outro ingreso de dereito público de natureza non tributaria, ou en calquera outro momento posterior, lle foi notificado ao interesado o importe da débeda, a esixibilidade de xuros en caso de falta de pagamento e o cómputo do tempo en que estes se producen.

Artigo 86. Notificacións defectuosas

- 1 As notificacións defectuosas producirán efecto a partir da data en que o suxeito pasivo se dea expresamente por notificado, interpoña o recurso pertinente ou efectúe o ingreso da débeda.
- 2 Producirán efecto no transcurso de seis meses as notificacións practicadas persoalmente aos suxeitos pasivos que, contendo o texto íntegro do acto, omitiran algún outro requisito, agás que se fixera protesta formal dentro deste prazo en solicitude de que a Administración municipal rectifique a deficiencia.

TÍTULO III. RECADACIÓN

CAPÍTULO I. O pagamento: Lexitimación. Lugar. Período. Medios. Imputación

SECCIÓN 1ª. Lexitimación

Artigo 87. Lexitimación para realizar o pagamento

Ordenanza Xeral. Ordenanza de xestión, liquidación, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público local.

- 1 Ademais dos obrigados segundo dispón esta Ordenanza, pode realizar o pagamento calquera persoa, teña ou non interese no cumprimento da obriga, xa o coñeza e o aprobe, xa o descoñeza o obrigado ao pagamento.
- 2 Para o pagamento das débedas correspondentes a bens e negocios intervidos ou administrados xudicialmente ou administrativamente estarán lexitimados os administradores designados.
- 3 En ningún caso o terceiro que pagase a débeda estará lexitimado para exercer perante a Administración os dereitos que corresponden ao obrigado ao pagamento. Sen embargo, poderá exercitar os dereitos que deriven ao seu favor exclusivamente do acto do pagamento.

Artigo 88. Lexitimación para recibir o pagamento

- 1 O pagamento da débeda deberá realizarse nas caixas do Concello ou nas dos órganos ou persoas autorizadas no artigo seguinte desta Ordenanza ou nas normas especiais para admitir o pagamento.
- 2 Os pagamentos realizados a órganos non competentes para recibilos ou a persoas non autorizadas para iso, non liberarán ao debedor da súa obriga de pagamento, sen prexuízo das responsabilidades de toda orde nas que incorra o perceptor indebido.

SECCIÓN 2ª. Lugar.

Artigo 89. Lugar de pagamento

- 1 A xestión da recadación dos tributos e demais ingresos de dereito público non tributarios do Concello desenvolverase baixo a dirección da Tesourería local.

- 2 O importe da débeda ingresarse:
- A En pagamento voluntario de liquidacións individuais, así como naqueles que resulten de declaracións-liquidacións ou autoliquidacións formuladas polos propios suxeitos pasivos dos tributos ou obrigados ao pagamento dos restantes ingresos de dereito público non tributarios, realizarase en: 1) caixa de recadación; 2) entidades de depósito coas que se teña convido a prestación do servizo de caixa en locais do Concello. Os ingresos faranse en contas restrinxidas denominadas “Concello de Santiago, conta restrinxida de caixa”. 3) entidades colaboradoras na recadación. Os ingresos faranse en contas restrinxidas denominadas “Concello de Santiago, conta restrinxida de colaboración na recadación de ingresos directos”.
 - B En pagamento voluntario dos tributos ou outros ingresos de dereito público periódicos que sexan obxecto de notificación colectiva, realizarase en: 1) caixa de recadación; 2) entidades colaboradoras na recadación. Os ingresos faranse en contas restrinxidas denominadas “Concello de Santiago, conta restrinxida de colaboración na recadación de ingresos por recibo”.
 - C O pagamento en período executivo dos tributos e doutros ingresos de dereito público non tributarios realizarase en: 1) caixa de recadación; 2) entidades colaboradoras na recadación. Os ingresos faranse en contas restrinxidas denominadas “Concello de Santiago, conta restrinxida de colaboración na recadación executiva”.
- 3 Os ingresos realizaranse de luns a venres, agás os días non laborais. Os vencementos que coincidan en sábado quedan trasladados ao primeiro día hábil seguinte.
- 4 As entidades colaboradoras, así como as que presten o servizo de caixa, farán os ingresos nos prazos, forma e soporte que estableza a Tesourería local, consonte as normas do regulamento xeral de recadación e dos cadernos do Consello Superior Bancario. As citadas entidades entregarán tamén os documentos necesarios para a xestión e seguimento dos ditos ingresos.

Artigo 90. Ingresos a través de entidades de depósito que presta o servicio de caixa

Poden prestar o servicio de caixa no Concello de Santiago, por medio de oficinas abertas nos locais do Concello, aquelas entidades de depósito coas que así se conveña. Estas entidades poderán tamén actuar como colaboradoras na recadación.

Artigo 91. Ingreso a través de entidades colaboradoras

- 1 Poderán prestar o servicio de colaboración na xestión recadatoria do Concello de Santiago as entidades de depósito autorizadas. A prestación do servicio non será retribuída.
- 2 Se o Concello establece limitación do número de entidades colaboradoras, resolverase a limitación a través do correspondente concurso.
- 3 Se non se establece limitación, as entidades que queiran actuar como colaboradores solicitarán autorización. Xunto coa solicitude achegarán memoria xustificativa da posibilidade de recoller en soporte informático a información das operacións que teñan que realizar como colaboradoras. A Tesourería local informará sobre a conveniencia de conceder a autorización solicitada, en consideración aos datos acreditativos da solvencia da entidade e da súa contribución ao servicio de colaboración na recadación. Para tal fin poderá recabar os informes que considere oportunos. Unha resolución da Alcaldía aceptará ou non o pedimento e determinará a forma e condición de prestación do servicio. Se o acordo é denegatorio será motivado. A resolución deberá adoptarse no prazo de tres meses a contar desde a solicitude.
- 4 A entidade que posúa varios establecementos no termo municipal deberá designar a oficina que vai relacionarse co Concello.

- 5 A Tesourería local efectuará o control e seguimento da actuación das entidades colaboradoras, podendo ordenar a práctica de comprobacións sobre a súa actuación como entidade colaboradora. As entidades poderán ser sancionadas coa suspensión temporal, a restricción temporal ou definitiva do ámbito de actuación ou incluso a revogación da autorización cando se dean algunha das circunstancias mencionadas no artigo 78.6 do Regulamento xeral de recadación.

SECCIÓN 3ª. Período.

Artigo 92. Período de recadación dos tributos locais.

- 1 A recadación dos tributos locais realizarase mediante o pagamento voluntario ou en período executivo.
- 2 O pagamento voluntario realizarase na forma e cos efectos previstos nos artigos 93 e 94 desta ordenanza.
- 3 O inicio e consecuencias do período executivo regúlase nos artigos 95 e 96 desta ordenanza.

Artigo 93. O pagamento voluntario: cómputo

- 1 O pagamento voluntario da débeda tributaria contarase desde: a) A data de notificación individual ou colectiva ao obrigado o pago da liquidación; b) a apertura do prazo de recadación cando se trate de tributos de cobro periódico que sexan obxecto de notificación colectiva.
- 2 As débedas tributarias que deban pagarse mediante declaración-liquidación ou autoliquidación deberán satisfacerse nos prazos e datas establecidas pola normativa reguladora de cada tributo.

Artigo 94. Tempo de pagamento voluntario das débedas tributarias e das derivadas doutros ingresos

de dereito público de natureza non tributaria

- 1 Os obrigados ao pagamento farán efectivas a súas débedas en pagamento voluntario dentro dos prazos fixados neste artigo:
 - a As débedas tributarias e demais de dereito público non tributarias resultantes de liquidacións practicadas polo Concello deberán pagarse: a) As notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de notificación ata o día 5 do mes seguinte ou o inmediato hábil posterior; b) As notificadas entre os días 16 e derradeiro de cada mes, desde a data de notificación ata o día 20 do mes seguinte ou inmediato hábil posterior.
 - b As débedas correspondentes a tributos periódicos e demais de dereito público non tributario que son obxecto de notificación colectiva:
 - Imposto de vehículos de tracción mecánica: do 5 de marzo ao 5 de maio.
 - Imposto de actividades económicas: do 5 de maio ao 5 de xullo.
 - Imposto sobre bens inmobles: do 20 de setembro ao 20 de novembro.
 - Taxa pola entrada de vehículos a través de beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcamento exclusivo: do 5 de maio ao 5 de xullo.
 - Taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa: do 5 de maio ao 5 de xullo.

Cando as necesidades do servizo o aconsellen, a Comisión de Goberno poderá modificar o calendario de cobranza, que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e exposto no taboleiro de edictos municipal por termo de un mes.

En ningún caso o prazo para pagar estes créditos será inferior a dous meses naturais.

- a As débedas tributarias e demais de dereito público non tributarias que deban pagarse mediante declaración-liquidación, ou autoliquidación, deberán satisfacerse nos prazos ou datas que sinalen as normas reguladoras de cada exacción local. En caso de que non se determinen os prazos, aplicarase o disposto nos apartados anteriores.
- 2 As débedas non satisfeitas en pagamento voluntario esixiranse en vía de constrinximento computándose, de ser o caso, como pagamentos a conta as cantidades pagadas fóra do prazo.
- Os ingresos que correspondan a declaracións-liquidacións ou autoliquidacións realizadas fóra de prazo sen requirimento previo sufrirán os recargos previstos no artigo 30 desta Ordenanza.
- 3 As débedas que deban ser satisfeitas mediante efectos timbrados pagaranse no momento da realización do feito imponible, se non se dispón doutro prazo na súa regulación específica.
- 4 Se se concedese un aprazamento ou fraccionamento do pagamento, estarase ao disposto ao respecto nesta ordenanza.
- 5 O vencemento do prazo establecido para o pagamento sen que se efectúe, producirá xuros de mora. Do mesmo xeito esixirase o xuro de mora nos supostos de suspensión na execución do acto e nos aprazamentos, fraccionamentos e prórrogas de calquera tipo.
- 6 As suspensións acordadas por órgano administrativo e xudicial competente en relación con débedas no período voluntario interromperán os prazos fixados neste artigo.
- 7 Resolto o recurso ou reclamación que deu lugar a suspensión:
- a Se o acordo non anula nin modifica a liquidación impugnada, deberá pagarse nos prazos previstos nos parágrafos a') e b') do apartado 1.a), segundo que a dita resolución fose notificada na primeira ou segunda quincena do mes. A resolución administrativa adoptada notificarase ao recorrente con expresión deste prazo no que debe ser pagada a débeda.
- b Se a resolución dá lugar a modificación do acto ou ordena a retroacción do procedemento, a débeda resultante do acto que se dicte en execución do dito acordo terá que ser ingresada nos prazos previstos nos parágrafos a') e b') do apartado 1.a). A notificación do novo acto indicará expresamente este prazo.

Malia o indicado nos parágrafos anteriores, cando a execución do acto estivese suspendida, unha vez concluída a vía administrativa, os órganos de recadación non iniciarán ou, se é o caso, non continuarán as actuacións do procedemento de constrinximento mentres non conclúa o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo, sempre que a vixencia e eficacia da caución inicialmente achegada se manteña ata daquela. Se durante ese prazo o interesado comunicase ao dito órgano a interposición do recurso, con pedimento de suspensión e ofrecemento de caución para garantir o pagamento da débeda, manterase a paralización do procedemento en tanto conserve a súa vixencia e eficacia a garantía achegada na vía administrativa. O procedemento reanudarase ou suspenderase a resultas da decisión que adopte o órgano xudicial en peza separada de suspensión.

Artigo 95. O período executivo para as débedas tributarias e as derivadas doutros ingresos de dereito

público de natureza non tributaria

O período executivo iníciase: a) para as débedas tributarias e as derivadas doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria que sexan liquidadas polo Concello, ao día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para o seu ingreso no artigo anterior desta Ordenanza; b) no caso de débedas tributarias e das derivadas doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria a ingresar mediante declaración-liquidación ou autoliquidación presentada sen realizar o ingreso, cando remate o prazo sinalado para o seu ingreso no artigo anterior desta Ordenanza ou, se este xa rematou, ao presentar aquela.

Artigo 96. Consecuencias do inicio do período executivo para as débedas tributarias e para as

derivadas doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria

- 1 O inicio do período executivo produce un recargo do 20 por cento do importe da débeda tributaria e da derivada doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria non ingresada, así como os xuros de mora correspondentes a esta.
Este recargo será do 10 por cento cando a débeda non ingresada sexa satisfeita antes de que fora notificada ao debedor a providencia de constrinximento e non se esixirán os xuros de mora producidos desde o inicio do período executivo.
- 2 Iniciado o período executivo, o Concello recadará as débedas liquidadas ou autoliquidadas, polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento.
- 3 O procedemento de constrinximento iniciarase mediante providencia notificada ao debedor na que se identificará a débeda pendente e se requirirá para que efectúe o pagamento co recargo correspondente. Se o debedor non realiza o pagamento dentro do prazo que regulamentariamente se estableza, procederase ao embargamento dos seus bens, advertíndose así na providencia de constrinximento.
- 4 A providencia anterior, expedida polo tesoureiro, é o título suficiente que inicia o procedemento de constrinximento e ten a mesma forza executiva cá sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados ao pagamento.
- 5 O debedor deberá satisfacer as costas do procedemento de constrinximento.

Artigo 97. Integridade do pagamento.

- 1 Para que o pagamento produza os efectos que lle son propios, tratándose de recadación en período voluntario, ten que ser pola totalidade da débeda.
- 2 Se se outorgase fraccionamento do pagamento, estarase ao disposto no artigo 112 e seguintes desta Ordenanza.

SECCIÓN 4ª. Medios de pagamento

Artigo 98. Medios de pagamento das débedas tributarias e das débedas procedentes dos restantes

ingresos de dereito público de carácter non tributario

- 1 O pagamento das débedas tributarias e das débedas procedentes dos restantes ingresos de dereito público de carácter non tributario terá que realizarse en efectivo ou mediante o emprego de efectos timbrados, segundo dispoñan a ordenanza de cada tributo local ou a disposición reguladora de cada ingreso de dereito público de carácter non tributario.
- 2 En caso de falta de disposición, o pagamento deberá realizarse en efectivo.
- 3 O pagamento en efectivo poderá realizarse por algún dos seguintes medios: a) diñeiro de curso legal; b) cheques expedidos por entidades de crédito contra as súas propias contas; c) cheques de contas correntes de calquera entidade de crédito; d) transferencias ordenadas desde calquera entidade de crédito; e) xiro postal; f) calquera outro que sexa aprobado por este Concello.
- 4 Todas as débedas que teñan que satisfacerse en efectivo poderán pagarse con diñeiro de curso legal, calquera que sexa o órgano recadatorio que teña que recibir o pagamento, o período de recadación en que se efectúe e a contía da débeda.
- 5 Nos pagamentos que se realicen ao Concello de Santiago mediante cheque, este debe reunir, ademais dos requisitos xerais esixidos pola lexislación mercantil, os seguintes: a) ser nominativo a favor do Concello de Santiago de Compostela –só poderá ser ao portador cando a súa entrega se faga nas entidades de crédito colaboradoras; b) constará o nome ou razón social do librador que se expresará debaixo da sinatura con toda claridade e, cando sexa estendido por apoderado, figurará na antesinatura o nome completo do titular da conta corrente; c) deberá estar librado contra unha entidade de crédito da praza; d) deberá estar datado o mesmo día ou nos dous anteriores a aquel en que se efectúa a súa entrega; e) deberá estar certificado ou conformado pola entidade librada cando supere as cincocentas mil pesetas.

- 6 A entrega do cheque liberará ao debedor, polo importe satisfeito, cando sexa feito efectivo. En tal caso, producirá efectos desde a data en que teña entrada na caixa correspondente.
- 7 Cando un cheque non se fixese efectivo en todo ou en parte, unha vez transcorrido o período voluntario expedirase providencia de constrinximento da parte non pagada para o seu cobro pola vía de constrinximento; se o cheque estaba validamente conformado ou certificado, esixiráselle á entidade que o conformou ou certificou; noutro caso seralle esixido ao debedor.
- 8 Cando así se indique na notificación, o pagamento en efectivo que teña que realizarse ao Concello poderá facerse mediante transferencia bancaria. O mandato da transferencia será por importe igual á débeda e terá que expresar o concepto concreto ao que o ingreso corresponda e conter o pertinente detalle cando o ingreso se refira e teña que aplicarse a varios conceptos. Simultaneamente ao mandato de transferencia, os contribuíntes ou obrigados ao pagamento enviarán ao órgano recadador as declaracións a que o mesmo corresponda e as cédulas de notificación expresando a data da transferencia, o seu importe e o banco ou caixa de aforros empregado na operación. Os ingresos efectuados mediante transferencia entenderanse efectuados na data que teñan entrada nas contas do Concello de Santiago.
- 9 Cando se indique na notificación, o pagamento en efectivo que teña que realizarse ao Concello, poderá efectuarse mediante xiro postal. Os contribuíntes ou obrigados ao pagamento deberán consignar sucintamente no “talón para o destinatario” que integra o impreso de imposición os datos referentes ao remitente e ao domicilio, o tributo ou exacción de que se trate, o suxeito pasivo ou obrigado ao pagamento, o período impositivo, o número de recibo ou liquidación e, se é o caso, a súa situación. Sen prexuízo do anterior, ao mesmo tempo de impoñer o xiro, cursarán ao órgano recadador as declaracións e as cédulas de notificación consignando a oficina de Correos ou estafeta en que se impuxo o xiro, a data de imposición e o número que aquela lle teña asignado. Os ingresos efectuados por este medio entenderanse efectuados o día en que o xiro se impuxo.

Artigo 99. Medio específico para o pagamento dos tributos e dos restantes ingresos de dereito público de carácter non tributario de natureza periódica e notificación colectiva

O pagamento dos tributos e dos restantes ingresos de dereito público de carácter non tributario que son obxecto de notificación colectiva poderán realizarse mediante domiciliación nos bancos ou caixas de aforros cumprindo os seguintes requisitos:

- a Solicitud ao Servicio Municipal de Recadación.
- b As domiciliacións terán validez por tempo indefinido, se ben os suxeitos pasivos ou obrigados ao pagamento poderán anulalas en calquera momento. Así mesmo poderán trasladalas a outros bancos ou caixas de aforros, poñéndoo en coñecemento do Servicio Municipal de Recadación antes da data límite que se sinala no apartado seguinte.
- c Establécese como data límite para a admisión das citadas solicitudes de domiciliación ou de traslado dous meses antes do comezo do período de recadación voluntaria a partir do que producirán efecto.
- d A domiciliación deixará de ter validez cando sexa anulada polo interesado, cando sexa rexeitada pola entidade de depósito ou cando o Concello dispoña expresamente a súa invalidez por razóns xustificadas.

Artigo 100. Xustificantes de pagamento dos tributos e dos restantes ingresos de dereito público de carácter non tributario

- 1 O que pague a débeda tributaria ou procedente dun ingreso público de carácter non tributario consonte o disposto nesta Ordenanza terá dereito a que se lle entregue xustificante do pagamento realizado.
- 2 Os xustificantes de pagamento en efectivo serán, segundo os casos: a) os recibos validados; b) as cartas de pagamento subscribas ou validadas pola recadación local; c) os xustificantes debidamente validados polos bancos e caixas de aforro; d) os efectos timbrados; e) calquera outro documento ao que o Concello outorgue expresamente o carácter de xustificante de pagamento.

SECCIÓN 5ª. Imputación.

Artigo 101. Imputación de pagamentos

- 1 As débedas presúmense autónomas.
- 2 O debedor de varias débedas poderá, ao realizar o pagamento, imputalo a aquela ou aquelas que libremente determine.
- 3 Nos casos de execución forzosa en que se acumularan varias débedas do mesmo obrigado ao pagamento e non puideran satisfacerse totalmente, se prexuízo das normas que establecen a prelación de determinados créditos, o pagamento aplicarase ás débedas por orde de maior a menor antigüidade, determinada esta pola data de vencemento para o pagamento de cada unha.

CAPÍTULO II. Medidas cautelares.

Artigo 102. Medidas cautelares para asegurar o cobro das débedas tributarias e das débedas

precedentes doutros ingresos de dereito público non tributarios

- 1 Para asegurar o cobro da débeda tributaria e das débedas procedentes doutros ingresos de dereito público non tributarios, a Administración municipal poderá adoptar medidas cautelares de carácter provisional cando existan indicios racionais de que, noutro caso, o dito cobro se vería frustrado ou gravemente dificultado.
- 2 As medidas serán proporcionadas ao dano que se pretenda evitar. En ningún caso se adoptarán aquelas que poidan producir un prexuízo de difícil ou imposible reparación.

A medida cautelar poderá consistir nalgunha das seguintes:

- a Retención de pagamentos que deba realizar o Concello, na contía estrictamente necesaria para asegurar o cobro da débeda. A retención cautelar total ou parcial dunha devolución tributaria deberá ser notificada ao interesado xuntamente co acordo de devolución.
 - b Embargamento preventivo de bens ou dereitos.
 - c Calquera outra legalmente prevista.
- 3 Cando a débeda tributaria ou a débeda procedente doutros ingresos de dereito público non tributarios non se encontre liquidada, pero se producira a súa esixibilidade e transcorrera o prazo para o pagamento do tributo ou ingreso de dereito público de que se trate, para adoptar as medidas cautelares, a Administración municipal requirirá autorización do xuíz de instrucción do domicilio do debedor.
 - 4 As medidas cautelares así adoptadas levantaránse, aínda cando non se pagase a débeda, se desaparecen as circunstancias que xustificaron a adopción ou se, por solicitude do interesado, se acorda a súa substitución por outra garantía que se considere suficiente.

As medidas cautelares poderán converterse en definitivas no marco do procedemento de constrinximento. Noutro caso, levantaránse de oficio, sen que poidan prorrogarse máis alá do prazo de seis meses desde a súa adopción.

- 5 Poderase acordar o embargamento preventivo de diñeiro e mercadorías en contía suficiente para asegurar o pagamento da débeda que corresponda esixir por actividades lucrativas exercidas sen establecemento e que non foran declaradas.

CAPÍTULO III. Procedemento de constrinximento.

Artigo 103. O procedemento de constrinximento

- 1 O procedemento de constrinximento será exclusivamente administrativo. A competencia para entender do mesmo e resolver todos os seus incidentes é exclusivamente da Administración tributaria.
- 2 O dito procedemento non será acumulable aos xudiciais nin a outros procedementos de execución. A súa iniciación ou continuación non se suspenderá pola iniciación daqueles, agás cando proceda consonte co disposto na Lei orgánica 2/1987, do 18 de maio, de conflitos xurisdiccionais, ou nas normas do apartado seguinte.
- 3 Sen prexuízo do respecto á orde de prelación que para o cobro dos créditos vén establecido pola Lei xeral tributaria en atención á súa natureza, no caso de concorrencia do procedemento de constrinximento para a recadación dos tributos con outros procedementos de execución, xa sexan singulares ou universais, xudiciais ou non xudiciais, a preferencia para a execución dos bens trabados no procedemento virá determinada consonte as seguintes regras:

- a) Cando concorran con outros procesos ou procedementos singulares de execución, o procedemento de constrinximento será preferente cando o embargo efectuado no curso deste sexa o máis antigo.
- b) Nos supostos de concorrencia do procedemento de constrinximento con procesos ou procedementos concursais ou universais de execución, aquel procedemento terá preferencia para a execución dos bens ou dereitos que foran obxecto de embargo no seu curso, sempre que o dito embargo se efectuara con anterioridade á data de inicio do proceso concursal.

Artigo 104. Execución das garantías.

Se a débeda tributaria ou a débeda procedente doutros ingresos de dereito público non tributarios estivera garantida mediante aval, prenda, hipoteca ou calquera outra garantía, procederase en primeiro lugar a executala, o que fará, en todo caso, a Administración municipal a través do procedemento administrativo de constrinximento.

Artigo 105. Procedemento para a realización do embargo.

- 1 O embargo farase sobre os bens do debedor na contía suficiente para cubrir o importe da débeda tributaria ou da débeda procedente doutros ingresos de dereito público non tributarios, os xuros que se causaran ou se causen ata a data do ingreso e as costas do procedemento, con respecto sempre ao principio de proporcionalidade.

2 No embargo gardarase a orde seguinte:

- a Diñeiro efectivo ou en contas abertas en entidades de crédito.
- b Créditos, efectos, valores e dereitos realizables no acto ou a curto prazo.
- c Soldos, salarios e pensións.
- d Bens inmoables.
- e Establecementos mercantís ou industriais.
- f Metais preciosos, pedras finas, xoiería, ourivería e antigüidades.
- g Froitos e rendas de toda especie.
- h Bens mobles e semoventes.
- i Créditos, dereitos e valores realizables a longo prazo.

3 Seguindo a orde anterior, embargaranse sucesivamente os bens ou dereitos coñecidos nese momento pola Administración municipal ata que se presuma cuberta a débeda; deixaranse para o último lugar aqueles que para a súa traba sexa necesaria a entrada no domicilio do debedor.

Por solicitude do debedor poderase alterar a orde de embargo se os bens que sinale garanten coa mesma eficacia e prontitude o cobro da débeda cós que preferentemente deban ser trabados e non se cause con iso prexuízo a terceiros.

4 Non se embargarán os bens ou dereitos declarados inembargables con carácter xeral polas leis nin aqueles dos que se presuma que resultaría froito insuficiente para a cobertura do custo da dita realización.

- 5 Responderán solidariamente do pagamento da débeda tributaria pendente, ata o importe do valor dos bens ou dereitos que se puidesen embargar, as seguintes persoas:
- a Os que sexan causantes ou colaboren na ocultación maliciosa de bens ou dereitos do obrigado ao pagamento coa finalidade de impedir a súa traba.
 - b Os que por culpa ou negligencia incumpran as ordes de embargo.
 - c Os que, con coñecemento do embargo, colaboren ou consintan no levantamento dos bens.

Artigo 106. Embargo de bens e dereitos en poder de terceiros

- 1 Cando a Administración municipal teña coñecemento da existencia de fondos, valores ou outros bens entregados ou confiados a unha determinada oficina dunha entidade de crédito ou a outra persoa ou entidade depositaria, poderá dispoñer o seu embargo na contía que proceda, sen necesidade de precisar os datos identificativos e a situación de cada conta, depósito ou operación existentes na referida oficina.

Tratándose de valores, se da información subministrada pola persoa ou entidade depositaria no momento do embargo, se deduce que os existentes non son homoxéneos ou que o seu valor excede do importe sinalado no apartado 1 do artigo anterior, o Servicio Municipal de Recadación concretará os que teñan que quedar trabados.

- 2 Cando os fondos ou valores se encontren depositados en contas a nome de varios titulares só se embargará a parte correspondente ao debedor. Para estes efectos, no caso de contas de titularidade indistinta con solidariedade activa fronte ao depositario ou de titularidade conxunta mancomunada, o saldo presumirase dividido a partes iguais, agás que se probe unha titularidade material diferente.

- 3 Cando na conta afectada polo embargo se efectúe habitualmente o cobro de soldos, salarios ou pensións, deberanse respectar as limitacións a que se refiren os artigos 1.449 e 1.451 da Lei de axuizamento civil respecto ao importe da dita conta correspondente ao soldo, salario ou pensión de que se trate, considerándose como tal o último importe ingresado na dita conta por ese concepto.

Artigo 107. Execución do embargo.

- 1 Todo obrigado ao pagamento dunha débeda deberá manifestar, cando a Administración municipal así o requira, bens e dereitos integrantes do seu patrimonio na contía suficiente para cubrir o importe da débeda tributaria, de acordo coa orde prevista no apartado 2 do artigo 105 desta Ordenanza.
- 2 Os órganos de recadación desenvolverán as actuacións materiais necesarias para a execución dos actos que se dicten no curso do procedemento de constrinximento.
- 3 Se o suxeito pasivo, obrigado tributario ou obrigado ao pagamento non cumpriše as resolucións ou requirimentos que para este efecto dicten os órganos de recadación, estes poderán proceder, logo do apercibimento, á súa execución subsidiaria, mediante acordo do órgano competente.
- 4 Cando no exercicio destas facultades ou no desenvolvemento do procedemento de constrinximento sexa necesario entrar no domicilio do afectado, ou efectuar rexistros nel, a Administración municipal deberá obter o seu consentimento ou, de non o ter, a oportuna autorización xudicial.
- 5 As dilixencias estendidas no exercicio das súas funcións recadatorias ao longo do procedemento de constrinximento por funcionarios que desempeñen postos de traballo en órganos de recadación teñen natureza de documentos públicos e fan proba dos feitos que motiven a súa formalización, agás que se acredite o contrario.
- 6 As autoridades públicas prestarán a protección e o auxilio necesario para o exercicio da xestión recadatoria.

- 7 Cada actuación de embargo documentarase en dilixencia, que se notificará á persoa coa que se entenda a dita actuación.
- 8 Feito o embargo, notificarase ao debedor e, se é o caso, ao terceiro titular, posuidor ou depositario dos bens se non se realizaron con eles as actuacións, así como ao cónxuxe do debedor cando sexan gananciais os bens embargados e aos seus condonos ou cotitulares.
- 9 Se os bens embargados fosen inscribibles nun rexistro público, a Administración municipal terá dereito a que se practique anotación preventiva de embargo no rexistro correspondente, consonte o mandamento expedido por funcionario do órgano competente, co mesmo valor que se se tratase de mandamento xudicial de embargo. A anotación preventiva así practicada non alterará a prelación que para o cobro dos créditos tributarios establece a Lei xeral tributaria.
- 10 Cando se embarguen bens mobles, a Administración municipal poderá dispoñer o seu depósito na forma que se determine regulamentariamente.

Artigo 108. Suspensión do procedemento de constrinximento

- 1 O procedemento de constrinximento suspenderase na forma e cos requisitos previstos na alínea I) do artigo 54 desta Ordenanza.
- 2 Suspenderase inmediatamente o procedemento de constrinximento, sen necesidade de prestar garantía, cando o interesado demostre que se produciu no seu prexuízo erro material, aritmético ou de feito na determinación da débeda, ou ben que a dita débeda foi ingresada, condonada, compensada, aprazada ou suspendida.

Artigo 109. Interposición de tercerías.

- 1 Cando un terceiro pretenda o levantamento do embargo por entender que lle pertence o dominio dos bens ou dereitos embargados ou cando un terceiro considere que ten dereito a ser reintegrado do seu crédito con preferencia ao Concello de Santiago, formulará reclamación de tercería perante a Administración municipal .
- 2 Tratándose dunha reclamación por tercería de dominio, suspenderase o procedemento de constrinximento no que se refire aos bens controvertidos, unha vez que se adopten as medidas de aseguramento que procedan, sen prexuízo de que se poida continuar o dito procedemento sobre o resto dos bens ou dereitos do obrigado ao pagamento que sexan susceptibles de embargo ata quedar satisfeita a débeda, neste caso deixarase sen efecto o embargo sobre os bens obxecto da reclamación sen que iso supoña recoñecemento ningún da titularidade do reclamante.
- 3 Se a tercería fose de mellor dereito, proseguirá o procedemento ata a realización dos bens e o produto obtido consignarase en depósito a resultas da tercería.

Artigo 110. Alleamento de bens embargados.

- 1 O alleamento dos bens embargados levarase a efecto mediante poxa, concurso ou adxudicación directa.
- 2 O procedemento de constrinximento poderá concluír coa adxudicación ao Concello de Santiago dos bens embargados cando non cheguen a allearse polo procedemento regulado nesta Ordenanza.

O importe polo que se adxudicarán os ditos bens será o da débeda non pagada, sen que exceda do 75 por cento da valoración que serviu de tipo inicial no procedemento de alleamento.

- 3 En calquera momento anterior ao da adxudicación de bens poderanse liberar os bens embargados pagando a débeda tributaria, as costas e os xuros posteriores producidos durante o procedemento.

Artigo 111. Oposición á vía de constrinximento.

- 1 Contra a procedencia da vía de constrinximento so serán admisibles os seguintes motivos de oposición:
- a Pagamento ou extinción da débeda.
 - b Prescrición.
 - c Aprazamento.
 - d Falta de notificación da liquidación, anulación ou suspensión desta.
 - e Defecto formal no título expedido para a execución.
- 2 A falta de notificación da providencia de constrinximento será motivo de impugnación dos actos que se produzan no curso do procedemento de constrinximento.

CAPÍTULO IV. Aprazamentos e fraccionamentos.

Artigo 112. Aprazamentos e fraccionamentos do pagamento das débedas.

- 1 Poderá aprazarse ou fraccionarse o pagamento da débeda tributaria e da derivada doutros ingresos de dereito público de natureza non tributaria, logo da solicitude dos obrigados, cando a súa situación económico-financeira, discrecionalmente apreciada pola Administración municipal, lles impida transitoriamente efectuar o pagamento dos seus débitos.

- 2 O fraccionamento do pago, como modalidade do aprazamento, rexerá polas normas aplicables a este no non regulado especialmente.
- 3 As cantidades para as que se aprace o pagamento, excluído se é o caso o recargo de constrinximento, producirán o xuro de mora a que se refire o artigo 58.2.b) da Lei xeral tributaria e 36 da Lei xeral de orzamentos, segundo se trate de débedas tributarias e non tributarias respectivamente.
- 4 As consecuencias no caso de falta de pagamento ao seu vencemento das cantidades aprazadas ou fraccionadas serán as establecidas ao respecto nesta Ordenanza.
- 5 O aprazamento e fraccionamento do pago regulado no Regulamento xeral de recadación só será aplicable ao Concello de Santiago naquilo que non estea regulado nesta Ordenanza.

Artigo 113. Débedas aprazables.

- 1 Todas as débedas tributarias e as procedentes dos demais ingresos de dereito público de natureza non tributaria de titularidade do Concello de Santiago serán aprazables, agás aquelas que se sinalan nos apartados seguintes.
- 2 En ningún caso serán aprazables as seguintes débedas:
 - a Aquelas que se exaccionen por medio de efectos timbrados.
 - b As que se encontren en período executivo.
 - c As inferiores a 300,51 € (50.000 pesetas)
 - d As de vencemento periódico e notificación colectiva.
 - e As suspendidas, por iniciativa de parte, cando recaera sentenza firme en contra.

Non obstante, en casos moi excepcionais, poderá concederse aprazamento por iniciativa de parte e de xeito discrecional por parte da Administración municipal de calquera débeda que se encontre en

período executivo sempre que estea debidamente garantida nos termos establecidos por esta Ordenanza.

- 3 O fraccionamento concederáse, de ser o caso, por un período máximo de 18 meses en prazos que poden ser mensuais ou bimensuais. En caso de aprazamentos o prazo tampouco excederá dos 18 meses citados.

Artigo 114. Solicitud de aprazamento.

- 1 As solicitudes de aprazamento dirixiranse ao Alcalde dentro dos prazos seguintes:
 - a Débedas que se encontren en período voluntario de recadación ou de presentación das correspondentes autoliquidacións ou declaracións-liquidacións: dentro do prazo fixado para o ingreso no artigo 94 desta Ordenanza.
 - b Débedas en vía executiva: en calquera momento anterior ao acordo de alleamento dos bens embargados.
- 2 A solicitude de aprazamento conterá, necesariamente, os seguintes datos:
 - a Nome e apelidos, razón social ou denominación, número de identificación fiscal e domicilio fiscal do solicitante e, se é o caso, da persoa que o represente. Así mesmo, identificarase o medio preferente e o lugar sinalado para os efectos de notificación.
 - b Identificación da débeda para a que se solicita aprazamento, indicando cando menos o seu importe, concepto e data de finalización do prazo de ingreso voluntario.
 - c Causas que motivan a solicitude de aprazamento.
 - d Prazos e demais condicións do aprazamento que se solicita.
 - e Garantía que se ofrece, consonte o disposto no artigo seguinte.
 - f Lugar, data e sinatura do solicitante.

- 3 Xunto coa solicitude de aprazamento deberase achegar:
- a O modelo oficial de autoliquidación ou declaración-liquidación, debidamente cuberto, cando se trate de débedas para as que a normativa reguladora así o esixa.
 - b Compromiso irrevogable de aval solidario a que se refire o artigo seguinte.
 - c Se é o caso, os documentos que acrediten a representación.
 - d O solicitante poderá achegar, xunto coa instancia os demais documentos ou xustificantes que considere oportunos en apoio do seu pedimento.
- 4 Cando se solicite a admisión de garantía que non consista en aval de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, en lugar do sinalado no parágrafo b) do apartado anterior, achegarase xunto a solicitude de aprazamento a seguinte documentación:
- a Declaración responsable e informe xustificativo da imposibilidade de obter o dito aval, no que consten as xestións efectuadas ao respecto debidamente documentadas.
 - b Valoración dos bens ofrecidos en garantía, efectuada por empresas ou profesionais especializados e independentes.
 - c Balance e conta de resultados do último exercicio e informe de auditoría, se existe.
- 5 Cando se solicite exención total ou parcial de garantía, en lugar do sinalado no parágrafo b) do apartado 3, achegarase, xunto coa solicitude de aprazamento, a seguinte documentación:
- a Declaración responsable manifestando carecer de bens ou non posuír outros que os ofrecidos en garantía.
 - b Balance e conta de resultados dos tres últimos anos e informe de auditoría, se existe.
 - c Plan de viabilidade e calquera outra información con transcendencia económico-financeira-patrimonial que se considere pertinente e que xustifique a posibilidade de cumprir o aprazamento solicitado.

- 6 Cando a solicitude se presente en período voluntario, se ao remate do dito prazo estivese pendente de resolución non se expedirá providencia de constrinximento.

Cando se presente en período executivo sen prexuízo da non suspensión do procedemento, poderán paralizarse as actuación de alleamento dos bens embargados ata a resolución do aprazamento.

- 7 Se a solicitude non reúne os requisitos ou non se achegan os documentos que se sinalan neste artigo, a Administración municipal requirirá ao solicitante para que, nun prazo de 10 días, corrixa a falta ou achegue os documentos preceptivos con indicación de que se así non o fixer se lle terá por desistido da súa solicitude, arquivándoa sen máis trámite.

En particular, se se presentase a solicitude dentro do período voluntario para o ingreso da débeda, advertiráselle que, se transcorrese o prazo regulamentario de ingreso ao finalizar o sinalado no parágrafo anterior sen que se efetuase o pagamento nin se achegasen os documentos solicitados, esixirase a dita débeda pola vía de constrinximento, cos recargos e xuros correspondentes.

- 8 Se, unha vez concedido o aprazamento, o debedor solicitase unha modificación das súas condicións, o pedimento en ningún caso terá os efectos previstos no apartado 6 anterior. A competencia para tramitar e resolver estas solicitudes graciabes determinarase por aplicación das regras establecidas para as solicitudes de aprazamento.

Artigo 115. Garantías nos aprazamentos.

- 1 Como regra xeral, o solicitante deberá ofrecer garantía en forma de aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, achegando coa solicitude o correspondente compromiso expreso e irrevogable da entidade de formalizar o aval necesario se se concede o aprazamento solicitado.

- 2 Cando se xustifique que non é posible obter o dito aval, ou que con iso se compromete seriamente a viabilidade dunha empresa a Administración municipal poderá admitir algunha das seguintes garantías:

a Hipoteca inmobiliaria.

- b Hipoteca mobiliaria.
- c Prenda con ou sen desprazamento.
- d Fianza persoal e solidaria.
- e Calquera outra que se considere suficiente.

Se a xustificación do solicitante para a achega de garantía distinta de aval non se considerase suficiente, a Administración municipal porao no seu coñecemento, concedéndolle un prazo de 10 días para o cumprimento do disposto no apartado 1, coa advertencia de que se así non o fixese, se propondrá o rexeitamento da solicitude.

- 3 Non se esixirá garantía cando o solicitante sexa unha administración pública.
- 4 A garantía cubrirá o importe do principal e dos xuros de mora que xere o aprazamento, máis un 25 por cento da suma de ambas as dúas partidas.
- 5 Tratándose de fraccionamentos, poderán achegarse senllas garantías parciais para cada un dos prazos. Neste caso, cada garantía cubrirá a fracción correspondente, os xuros de mora e o 25 por cento de ambas as dúas partidas.
- 6 A garantía constituída mediante aval deberá ser por termo que exceda, cando menos, en seis meses ao vencemento do prazo ou prazos garantidos.
- 7 A garantía deberá achegarse no prazo dos 30 días seguintes ao de notificación do acordo de concesión, que estará condicionado á súa prestación. Este prazo poderá ampliarse cando se xustifique a existencia de motivos que impidan a súa formalización no dito prazo.
- 8 Transcorridos estes prazos sen formalizar a garantía, quedará sen efecto o acordo de concesión.

Neste caso, esixirase inmediatamente pola vía de constrinximento a débeda cos seus xuros e o recargo de constrinximento, sempre que concluíra o período regulamentario de ingreso. Se o aprazamento se solicitou en período executivo, continuarase o procedemento de constrinximento.
- 9 A suficiencia económica e xurídica das garantías será apreciada polo xefe do Servicio de Recadación

Cando a dita apreciación presente especial complexidade, poderase solicitar informe dos servizos xurídicos.

- 10 A aceptación da garantía farase por resolución do Alcalde. Se é o caso, a dita resolución será remitida aos encargados dos rexistros públicos correspondentes para que se faga constar neles o seu contido.
- 11 As garantías serán liberadas unha vez comprobado o pagamento total da débeda garantida incluídos, de ser o caso, os xuros producidos. Cada garantía parcial poderá liberarse cando se satisfaga a débeda que garante.

Artigo 116. Dispensa de garantías.

- 1 Poderase dispensar total ou parcialmente por resolución do Alcalde da prestación das garantías esixibles cando o debedor careza de medios suficientes para garantir a débeda, e a execución do seu patrimonio poida afectar ao mantemento da capacidade productiva e do nivel de emprego da actividade económica respectiva, ou ben puidese producir graves quebrantos para os intereses da facenda local.
- 2 Na resolución poderán establecerse as condicións que se consideren oportunas para asegurar o pagamento efectivo no prazo máis breve e para garantir a preferencia da débeda aprazada, así como o correcto cumprimento das demais obrigas tributarias do solicitante.
- 3 Concedido o aprazamento con dispensa de garantía, o beneficiario quedará obrigado durante o período a que aquel se estenda a comunicar á Administración municipal calquera variación económica ou patrimonial que permita garantir a débeda. En tal caso, ou cando a Administración municipal coñeza de oficio a modificación das ditas circunstancias, procederase a constituír a garantía.

En particular, se durante a vixencia do aprazamento se repartisen beneficios, constituirase a correspondente garantía para o pagamento das obrigas pendentes coa facenda local.

- 4 O Servicio Municipal de Recadación controlará o cumprimento das obrigas e condicións establecidas por procedementos de auditoría ou outros adecuados a tal fin.
- 5 Non se esixira garantía cando o importe das débedas para as que se solicita aprazamento sexa inferior a 1502,53 € (250.000 pesetas)

Artigo 117. Tramitación do aprazamento.

- 1 O Servicio Municipal de Recadación examinará e avaliará a falta de liquidez e a capacidade para xerar recursos para os efectos do previsto no apartado 1 do artigo 112 desta Ordenanza e, en caso de solicitude de dispensa de garantía, verificará a concorrencia das condicións precisas para obtela.

Realizados os trámites anteriores, incluída, de ser o caso, a valoración da suficiencia e idoneidade das garantías, as solicitudes serán remitidas para resolución con informe e proposta.

- 2 Excepcionalmente, unha vez comprobada a falta de liquidez, cando o Servicio Municipal de Recadación considere que a determinación e valoración da garantía pode demorarse, poderá establecer un calendario provisional de pagamentos ata a resolución da solicitude de aprazamento.
- 3 Cando se presente unha solicitude de aprazamento en período voluntario sen cumprimento do establecido no apartado 1 do artigo 115 desta Ordenanza, unha vez concluído aquel, por resolución do Alcalde, segundo proposta do Servicio Municipal de Recadación, poderán ser adoptadas as medidas provisionais que se consideren oportunas para garantir o cobro da débeda durante a tramitación do procedemento. Para este fin, poderán ordenarse, entre outras medidas, a retención cautelar dos pagamentos que a Tesourería local debe efectuar ao debedor ou a anotación de embargo preventivo de bens deste nos rexistros públicos correspondentes.

Artigo 118. Resolución do aprazamento.

- 1 As resolucións da Alcaldía que concedan aprazamentos de pagamento especificarán os seus prazos e demais condicións. A resolución poderá sinalar prazos e condicións distintos dos solicitados.

Con carácter xeral, o vencemento dos prazos deberá coincidir cos días 5 ou 20 do mes. Cando o aprazamento inclúa varias débedas, sinalaranse individualmente os prazos e contías que afecten a cada unha.

- 2 Na resolución poderán establecerse as condicións que se consideren oportunas para asegurar o pagamento efectivo no prazo máis breve e para garantir a preferencia da débeda aprazada, así como o correcto cumprimento das obrigas tributarias do solicitante.

De ser o caso, o Servicio Municipal de Recadación controlará o cumprimento das obrigas e condicións establecidas mediante procedementos de auditoría ou outros adecuados a tal fin.

- 3 Se a resolución fose de aceptación notificárase ao solicitante advertíndolle dos efectos que se producirán de non constituírse a garantía ou en caso de falta de pagamento así como do cálculo dos xuros.

- 4 Se a resolución fose denegatoria e se solicitou o aprazamento en período voluntario, advertirase ao solicitante que a débeda deberá pagarse antes da finalización do período regulamentario de ingreso, se este non transcorreu aínda, ou, se xa rematou, antes do día 5 ou do 20 do mes seguinte, segundo que a dita resolución se notifique na primeira ou na segunda quincena, xunto cos xuros producidos ata a data da resolución denegatoria.

Se a resolución fose denegatoria e se solicitou o aprazamento en período executivo, advertirase ao solicitante que continúa o procedemento de constrinximento.

- 5 A resolución deberá adoptarse no prazo de seis meses a contar desde o día en que a solicitude de aprazamento tivo entrada no rexistro do órgano administrativo competente para a súa tramitación.

Transcorrido o dito prazo sen que recaia resolución, poderase entender rexeitada a solicitude para deducir fronte á denegación presunta o correspondente recurso ou esperar a resolución expresa.

Artigo 119. Cálculo de xuros.

- 1 En caso de concesión de aprazamento, calcularanse xuros de mora sobre a débeda aprazada polo tempo comprendido entre o vencemento do período voluntario e o vencemento do prazo concedido. Se o aprazamento foi solicitado en período executivo, a base para o cálculo dos xuros non incluírá o recargo de constrinximento.

- 2 En caso de concesión de fraccionamento, calcularanse os xuros de mora por cada débeda fraccionada.

Se o fraccionamento foi solicitado en período executivo, a base para o cálculo de xuros non incluírá o recargo de constrinximento.

Por cada fracción de débeda computaranse os xuros producidos desde o vencemento do período voluntario ata o vencemento do prazo concedido. Os xuros producidos por cada fracción deberán pagarse xunto coa dita fracción no prazo correspondente.

- 3 En caso de denegación do aprazamento ou fraccionamento de débedas:
 - a Se foi solicitado en período voluntario, liquidaranse xuros de mora polo período transcorrido desde o vencemento do período voluntario ata a data da resolución denegatoria.
 - b Se foi solicitado en período executivo, liquidaranse xuros unha vez realizado o pagamento.

Artigo 120. Procedemento en caso de falta de pagamento.

- 1 Nos aprazamentos, se chegado o vencemento do prazo concedido non se efectuou o pagamento, procederase da seguinte maneira:
 - a Se o aprazamento foi solicitado en período voluntario, esixírase pola vía de constrinximento a débeda aprazada e os xuros producidos, co recargo correspondente. De non efectuarse o pagamento, procederase a executar a garantía para satisfacer as cantidades antes citadas. En caso de inexistencia ou insuficiencia desta, seguirase o procedemento de constrinximento para a realización do débito pendente.

- b Se o aprazamento foi solicitado en período executivo, procederase a executar a garantía e en caso de inexistencia ou insuficiencia desta, proseguirase o procedemento de constrinximento.
- 2 Nos fraccionamentos de pagamento concedidos, se chegado o vencemento dun calquera dos prazos non se efectuase o pagamento, procederase como segue:
- a Se o fraccionamento foi solicitado en período voluntario, pola fracción non pagada e os seus xuros, expedirase providencia de constrinximento para a súa exacción pola vía de constrinximento correspondente. De non pagarse a dita certificación nos prazos establecidos para o ingreso en período executivo, consideraranse vencidas as fraccións pendentes, que se esixirán polo procedemento de constrinximento, con execución da garantía e demais medios de execución forzosa.
 - b Se o fraccionamento foi solicitado en período executivo, proseguirá o procedemento de constrinximento para a exacción da totalidade da débeda fraccionada pendente de pagamento. Se existise garantía, procederase en primeiro lugar á súa execución.
 - c Cando, como consecuencia do anterior se produza o vencemento anticipado das fraccións pendentes, os xuros correspondentes a elas, previamente calculados sobre os prazos concedidos, serán anulados e liquidaranse nos casos e forma establecidos ao respecto para o xuro de mora propio do período executivo.
- 3 Nos fraccionamentos de pagamento en que se constituísen garantías parciais e independentes por cada un dos prazos ou a garantía é en forma de aval, procederase como segue:
- a Cando o fraccionamento fose solicitado en período voluntario, o incumprimento do pagamento dunha fracción determinará a esixencia pola vía de constrinximento exclusivamente da dita fracción e dos seus xuros de mora, co correspondente recargo de constrinximento, procedéndose a executar a respectiva garantía.
 - b Cando o fraccionamento fose solicitado en período executivo, procederase á inmediata execución da garantía correspondente á fracción impagada e dos xuros de mora producidos.
 - c Nos dous casos, o resto do fraccionamento subsistirá nos termos en que se concedeu.

- 4 En caso de executar a garantía, o importe líquido obtido aplicarase ao pagamento da débeda pendente, incluídas costas e xuros de mora. A parte sobrante será posta a disposición do garante ou de quen corresponda, unha vez liquidados e satisfeitos todos os xuros de mora producidos.

TITULO IV. A INSPECCIÓN

CAPITULO I. Procedemento de inspección.

Artigo 121 . Actuacións de comprobación e investigación

- 1 As actuacións de comprobación e investigación terán por obxecto verificar o adecuado cumprimento polos suxeitos pasivos ou obrigados tributarios das súas obrigas e deberes.
- 2 Con ocasión destas actuacións, a Inspección comprobará a exactitude e veracidade dos feitos e circunstancias de calquera natureza consignados polos suxeitos pasivos ou obrigados tributarios en cantas declaracións e comunicacións se esixan para cada tributo. Así mesmo, investigará a posible existencia de elementos de feito ou outros antecedentes con transcendencia tributaria que sexan descoñecidos total ou parcialmente. Finalmente, determinará, se é o caso, a exactitude das operacións de liquidación tributaria practicadas polos suxeitos pasivos e establecerá a regularización que considere procedente da situación tributaria daqueles.

Artigo 122. Información ao inicio das actuacións de comprobación e investigación.

Os contribuíntes teñen dereito a ser informados, ao inicio das actuacións de comprobación e investigación levadas a cabo pola Inspección dos tributos, acerca da súa natureza e alcance, así como dos seus dereitos e obrigas no curso das ditas actuacións.

Artigo 123 . Alcance das actuacións de comprobación e investigación.

- 1 Todo contribuínte que estea sendo obxecto dunha actuación de comprobación e investigación de carácter parcial, poderá solicitar que a devandita comprobación teña carácter xeral respecto do tributo e exercicio afectados pola actuación, sen que tal solicitude interrompa as actuacións en curso.
- 2 O contribuínte terá que efectuar a solicitude nun prazo de quince días desde que se produza a notificación do inicio das actuacións inspectoras de carácter parcial.
- 3 A Inspección deberá iniciar a comprobación de carácter xeral no prazo de seis meses desde a solicitude.

Artigo 124 . Actuacións de obtención de información.

- 1 Son actuacións de obtención de información as que teñen por obxecto o coñecemento pola Inspección dos datos ou antecedentes de calquera natureza que consten en poder dunha persoa ou entidade e teñan transcendencia tributaria respecto doutras persoas ou entidades distintas daquela, sen que existira obriga con carácter xeral de telos facilitado mediante as correspondentes declaracións.
- 2 Con independencia do disposto no apartado anterior, cando a Inspección desenvolva actuacións de comprobación e investigación deberá obter cantos datos ou antecedentes consten en poder do obrigado tributario e poidan ser, a xuízo daquela, de especial relevancia tributaria para outras persoas e entidades, sen prexuízo da especial comprobación en todo caso do cumprimento da obriga de proporcionar tales datos cando veña esixida con carácter xeral.
- 3 As actuacións de obtención de información serán realizadas pola Inspección, ben por propia iniciativa ou por solicitude dos demais órganos da Administración Tributaria local. As ditas actuacións poderán realizarse a respecto de datos que consten en poder de calquera persoa, natural ou

xurídica, pública ou privada, e que se refiran así mesmo a calquera persoa ou entidade, dentro dos límites establecidos por esta Ordenanza.

- 4 As actuacións de obtención de información que a Inspección teña que efectuar fóra do territorio do termo municipal, serán practicadas polos órganos competentes da Consellería de Economía e Facenda cando deban realizarse no ámbito territorial desta, e polos órganos competentes da Axencia Estatal da Administración Tributaria noutro caso, logo da solicitude do Presidente da Corporación.
- 5 As actuacións de obtención de información poderán desenvolverse cerca da persoa ou entidade que teña no seu poder os datos correspondentes, ou ben mediante requirimento feito para que tales datos ou antecedentes sexan remitidos ou achegados á Inspección.

Artigo 125 . Actuacións de valoración.

- 1 As actuacións de valoración terán por obxecto a taxación ou comprobación do valor declarado dos elementos esenciais dos tributos locais por calquera dos medios admitidos polo ordenamento xurídico vixente e en particular polo artigo 52 da Lei xeral tributaria. Non se reputarán actuacións de valoración aquelas nas que o valor correspondente resulte directamente da aplicación de regras establecidas nunha norma.
- 2 A Inspección poderá desenvolver estas actuacións pola súa propia iniciativa ou por pedimento razoado doutros órganos da Administración Tributaria do Estado, das comunidades autónomas ou doutras entidades locais.
- 3 Cando as actuacións de valoración se realicen por iniciativa dos órganos recadadores, será de aplicación o disposto nos artigos correspondentes desta Ordenanza.
- 4 Se os funcionarios da Inspección actúan como peritos na taxación ou valoración de bens ou dereitos, deberán ter título suficiente.

- 5 Cando a lei atribúa a facultade de valorar determinados bens ou dereitos para os efectos da xestión tributaria dos tributos locais a certos órganos da Administración Pública alleos á Inspección, esta solicitará do órgano competente a valoración que se precise.

Artigo 126 . Plans de inspección

Mediante decreto da Alcaldía, por proposta do Concelleiro Delegado de Facenda, aprobarase o Plan municipal de inspección, do que se farán públicos os criterios.

Artigo 127 . Lugar das actuacións de comprobación e investigación

- 1 As actuacións de comprobación e investigación poderán desenvolverse indistintamente:
- a No lugar onde o suxeito pasivo teña o seu domicilio fiscal, ou naquel onde o seu representante teña o seu domicilio, despacho ou oficina, sempre que este último estea dentro do termo municipal .
 - b No lugar onde se realicen total ou parcialmente as actividades gravadas.
 - c Onde exista algunha proba, cando menos parcial, do feito imponible.
 - d Nas oficinas dos Servicios Económicos do Concello.
- 2 A Inspección determinará en cada caso o lugar onde teñan que desenvolverse as súas actuacións, facéndoo constar na comunicación correspondente.

Artigo 128. Tempo das actuacións

- 1 Cando a Inspección actúe nas súas dependencias, farao normalmente dentro do horario oficial de apertura ao público e en todo caso dentro da xornada de traballo vixente.
- 2 Se a Inspección actúa nos locais do interesado, observarase a xornada laboral de oficina ou da actividade que rexa neles.

Artigo 129. Intervención dos obrigados tributarios nas actuacións da Inspección dos tributos.

- 1 Están na obriga de atender á Inspección e intervirán no procedemento de inspección:
 - a Os suxeitos pasivos dos tributos, sexan contribuíntes ou substitutos.
 - b Os sucesores da débeda tributaria.
 - c Os responsables solidarios desde que sexan requiridos pola Inspección para personarse no procedemento.
 - d Os que estean obrigados polas normas vixentes a proporcionar calquera datos, informes ou antecedentes con transcendencia tributaria.
 - e Os suxeitos infractores a que se refire a letra f) do apartado terceiro do artigo 77 da Lei xeral tributaria, desde que se inicien as actuacións dirixidas a establecer a súa responsabilidade polas infraccións que puideran ter cometido.
- 2 Todos estes obrigados tributarios terán dereito a ser informados do alcance da actuación que leve a cabo a Inspección, á que deberán prestar a maior colaboración no desenvolvemento da súa función.

- 3 Disolta e liquidada unha sociedade ou entidade, e sen prexuízo do disposto no apartado cuarto do artigo 89 da Lei xeral tributaria, incumbe aos liquidadores comparecer ante a Inspección se son requiridos para iso en canto representantes que foron na entidade.

Artigo 130 . Presencia do obrigado tributario nas actuacións inspectoras.

- 1 O obrigado tributario ou o seu representante deberán estar presentes nas actuacións inspectoras cando a xuízo da Inspección sexa preciso o seu concurso para a adecuada práctica daquelas.
- 2 Ás restantes actuacións ou dilixencias poderán acudir o obrigado tributario ou o seu representante sempre que o desexen. O exame da documentación do obrigado tributario que a xuízo da Inspección sexa necesario comprobar, deberá facerse na súa presenza, na do seu representante ou na da persoa que o obrigado designe.
- 3 Os suxeitos pasivos e demais obrigados tributarios poderán intervir nas actuacións inspectoras asistidos por un asesor, quen poderá aconsellar en todo momento ao seu cliente. Os asesores poderán actuar así mesmo como representantes dos seus clientes se estes lles outorgan o correspondente poder.

Artigo 131 .Capacidade de obrar

- 1 Terán capacidade de obrar ante a Inspección as persoas que a ostenten consonte as normas de dereito privado, así como os menores de idade para as actuacións derivadas daquelas actividades, para o exercicio das cales estean autorizadas polo ordenamento xurídico sen asistencia das persoas que exerzan a patria potestade ou a súa tutela ou curatela.
- 2 Polas persoas que carezan de capacidade de obrar suficiente para actuar perante a Inspección deberán actuar os seus representantes legais. Adquirida suficiente capacidade de obrar por aquelas persoas, actuarán ante a Inspección incluso para a comprobación da súa situación tributaria anterior. Quen

ostentou a súa representación legal deberá actuar así mesmo por requirimento da Inspección, particularmente para facer fronte ás súas responsabilidades como suxeitos infractores.

- 3 Polas persoas xurídicas, de natureza pública ou privada, deberán actuar as persoas que ocupen ao actuar a Inspección os órganos aos que corresponda a súa representación, por disposición da lei ou por acordo validamente adoptado. Quen ocupase os ditos órganos cando se devengaron ou deberon cumprirse as correspondentes obrigas ou deberes actuarán no seu propio nome, sen vincular á entidade, por requirimento da Inspección, se fose conveniente para facilitar as actuacións inspectoras.
- 4 Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria poderán designar de forma fidedigna un representante, salvo que conforme a dereito exista xa unha persoa que ostente a representación da entidade. Noutro caso, considerarase como representante a quen aparentemente exerza a xestión ou dirección e, de non o haber, a calquera dos membros ou partícipes que integren ou compoñan a entidade ou comunidade.
- 5 As persoas ou entidades non residentes en territorio español actuarán, se é o caso, a través da persoa física ou xurídica que designaran como o seu representante ou a quen esta representación corresponda para os efectos dos distintos tributos.

Artigo 132 . Representación voluntaria.

- 1 Os obrigados tributarios con capacidade de obrar suficiente poderán actuar por medio de representante, con quen se entenderán as sucesivas actuacións administrativas se non se fai manifestación en contra.
- 2 A representación poderá ser conferida tanto polos mesmos obrigados tributarios como polos seus representantes legais; poderá ser outorgada a prol de persoas xurídicas ou de persoas físicas con capacidade de obrar suficiente.
- 3 Para interpoñer recursos, desistir deles e renunciar a dereitos en nome do interesado deberá acreditarse a representación mediante documento público ou privado, con sinatura lexitimada

notarialmente, ou comparecencia ante o Servicio de Xestión e Inspección Tributaria. O poder *apud acta* poderá ser conferido ante o funcionario actuante ou o que dirixa as actuacións ao conferirse o poder.

- 4 Para subscribir as actas que estenda a Inspección e para os demais actos que non sexan de mero trámite por afectar directamente os dereitos e obrigas do obrigado tributario, a representación deberá acreditarse validamente.

En particular, entenderase acreditada a representación nos seguintes casos:

- a Cando a súa existencia se fixera figurar expresamente na correspondente declaración tributaria comprobada, salvo que despois se revogase a representación conferida dando conta expresamente ao Servicio de Xestión e Inspección Tributaria .
 - b Cando a representación conferida resulte concluintemente dos propios actos ou da conducta observada polo obrigado tributario en relación directamente coas actuacións inspectoras.
 - c Se consta en documento privado o poder outorgado, respondendo o apoderado coa súa sinatura, ao aceptar a representación, da autenticidade da sinatura de quen outorgou o poder.
- 5 Para os actos de mero trámite presumirase concedida a representación sen que sexa preciso acreditala.
- 6 Así mesmo, presumirase dada a autorización a favor de quen comparece ante a Inspección para intervir no procedemento sen necesitar, pola natureza das actuacións, poder de representación conferido polo obrigado tributario.
- 7 No documento mediante o que se acredite a representación farase constar:
- a Nome, apelidos, domicilio tributario e número do documento nacional de identidade ou documento equivalente, de ser o caso, tratándose de persoas físicas, ou denominación, domicilio tributario e persoa que actúe no seu nome, tratándose de persoas xurídicas, relativos ao representado.

- b Nome e apelidos ou denominación, domicilio tributario a efectos de notificacións e número do documento nacional de identidade, con expresión, se é o caso, da circunstancia de que actúe profesionalmente e descrición da profesión correspondente, relativos ao representante.
 - c O contido da representación, en canto á súa amplitude e suficiencia.
 - d O lugar e a data do seu outorgamento.
 - e As sinaturas do representante e do representado; tratándose de documento público non será precisa a sinatura do representante
- 8 Cando actúe ante a Inspección persoa distinta do obrigado tributario, farase constar expresamente esta circunstancia en cantas dilixencias ou actas se estendan, uníndose ao expediente, de ser o caso, o documento acreditativo do poder outorgado. Se a representación se outorgase mediante documento público, bastará a referencia a el, uníndose ao expediente copia simple ou fotocopia con dilixencia de cotexo realizada polo actuario.
- 9 Actuando o obrigado tributario ante a Inspección por medio de representante, este deberá acreditar, se fose preciso, a súa representación desde o primeiro momento. Se non o fixese así, a Inspección requirirao para que acompañe o documento correspondente o próximo día de inspección ou, de non habelo ou sendo posterior, dentro do prazo de dez días. Se o representante non acreditara entónces a súa representación, a Inspección poderá suspender as actuacións, facéndoo constar en dilixencia, no caso de que careza de valor a práctica das mesmas con aquel. En tal caso, terase ao obrigado tributario por non presentado para cantos efectos procedan.

Artigo 133 . Efectos da representación voluntaria.

- 1 As actuacións da Inspección, realizadas con quen compareza en nome do suxeito pasivo ou obrigado tributario, entenderanse efectuadas directamente con este último.
- 2 A revogación da representación non suporá a nulidade das actuacións practicadas co representante antes de que se fixera saber esta circunstancia á Inspección.

- 3 As manifestacións feitas por persoas que teñan comparecido sen poder suficiente terán o valor probatorio que proceda conforme a Dereito.
- 4 Acreditada ou presumida a representación, corresponde ao representado probar a inexistencia de poder suficiente outorgado pola súa parte, sen que poida alegar como fundamento da nulidade do actuado aqueles vicios ou defectos causados por el.
- 5 A falta ou insuficiencia do poder non impedirá que se teña por realizado o acto de que se trate, sempre que se acompañe poder bastante ou se emende o defecto dentro do prazo dos dez días.
- 6 Entenderanse rectificadas inmediatamente a falta ou insuficiencia do poder do representante co que se practicaron as actuacións precedentes se o obrigado tributario impugna os actos derivados das dilixencias ou actas da Inspección, sen invocar as ditas circunstancias, ou ingresa o importe da débeda tributaria liquidada como resultado dun acta daquela.

Artigo 134 . Modos de iniciación

As actuacións da Inspección iniciaranse:

- a Por propia iniciativa da Inspección, como consecuencia dos plans específicos de cada funcionario ou unidade de inspección, ou ben sen suxeición a un plan previo con autorización escrita e motivada do Alcalde.
- b Por pedimento do obrigado tributario.

Artigo 135 .Iniciación das actuacións inspectoras

- 1 As actuacións da Inspección poderán iniciarse mediante comunicación notificada ao obrigado tributario para que se presente no lugar, día e hora que se lle sinale, tendo a disposición da Inspección ou achegándolle a documentación e demais elementos que se consideren necesarios. Na devandita comunicación indicárase ao obrigado tributario o alcance das actuacións a desenvolver.

- 2 Cando se requira ao interesado para que compareza nas oficinas da Inspección un día determinado, entre este e a notificación do requirimento mediará un prazo mínimo de dez días.
- 3 Cando o considere conveniente para a adecuada práctica das súas actuacións, a Inspección poderá presentarse sen previa comunicación nas oficinas, instalacións ou almacéns do interesado ou onde exista algunha proba, cando menos parcial, do feito imponible. Neste caso as actuacións entenderanse co interesado, se estivese presente, ou ben con quen ostente a súa representación como encargado ou responsable da oficina, rexistro, dependencia, empresa, centro ou lugar de traballo.
- 4 Así mesmo, cando o considere xustificado, a Inspección poderá poñer en coñecemento do interesado o inicio das actuacións inspectoras sen previa notificación da oportuna comunicación.
- 5 A comunicación, debidamente notificada, ou ben a presenza da Inspección que esta fixera constar e fose coñecida polo interesado, coa finalidade de iniciar efectivamente as actuacións inspectoras, producirán os seguintes efectos:
 - a A interrupción do prazo legal da prescrición do dereito da Administración Tributaria Local para determinar as débedas tributarias mediante a oportuna liquidación e impoñer as sancións correspondentes en canto ao tributo ou tributos a que se refira a actuación de comprobación e investigación e da acción para impoñer sancións tributarias polo incumprimento de calquera das obrigas ou deberes afectados polas actuacións inspectoras.
 - b A iniciación do cómputo do prazo de duración das actuacións inspectoras.
 - c Se o suxeito pasivo efectúa o ingreso das débedas tributarias pendentes con posterioridade á notificación da comunicación correspondente ou ao inicio de calquera outro modo das actuacións de comprobación e investigación, o dito ingreso terá meramente carácter de a conta sobre o importe da liquidación derivada da acta que se incoe, sen que impida a aplicación das correspondentes sancións sobre a diferenza entre a cota íntegra e os recargos resultantes da acta da Inspección e as cantidades ingresadas con anterioridade ao inicio das actuacións inspectoras. Os xuros de mora sobre a cantidade ingresada despois do inicio das ditas actuacións calcularanse ata o día anterior a aquel en que se realizou o correspondente ingreso e serán liquidados pola Inspección se non foi practicada a liquidación pola oficina xestora.

d Se, con posterioridade ao inicio das actuacións de comprobación e investigación, o suxeito pasivo presenta unha declaración non estando obrigado a practicar operacións de liquidación tributaria, aquela non servirá para os efectos previstos no apartado a) do artigo 101 da Lei xeral tributaria, entendéndose o procedemento de liquidación xa iniciado en virtude da actuación inspectora, plasmándose nas correspondentes liquidacións derivadas das actas que se estendan.

6 Sen prexuízo do previsto na letra a) do apartado anterior, a iniciación das actuacións inspectoras non determinará a iniciación do procedemento para impoñer sancións tributarias.

7 A Inspección, ao inicio das actuacións ou en calquera momento do procedemento e por solicitude do obrigado tributario, deberá instruír a este acerca do significado daquelas, do procedemento a seguir, dos seus dereitos e das obrigas e deberes que ten que observar.

Artigo 136 . Prazo xeral de duración das actuacións inspectoras

1 As actuacións de comprobación, investigación e as de liquidación realizadas pola Inspección, levaranse a cabo nun prazo máximo de doce meses contados desde a data en que se notifique ao obrigado tributario o inicio das actuacións ata a data en que se dicte o acto administrativo que resulte delas, agás que se acorde a ampliación do devandito prazo.

2 Para os efectos do prazo previsto no parágrafo anterior, non se computarán as dilacións imputables ao obrigado tributario, nin os períodos de interrupción xustificada nos termos que se especifican no artigo 137 desta Ordenanza xeral.

Artigo 137 . Cómputo do prazo. Interrupcións xustificadas e dilacións imputables ao contribuínte

1 O cómputo do prazo de duración das actuacións inspectoras de comprobación e investigación, así como as de liquidación considerarase interrompido xustificadamente cando concorran algunhas das seguintes circunstancias:

- a Pedimento de datos ou informes á Administración Tributaria do Estado, ás comunidades autónomas ou a outras entidades locais nos termos establecidos polo apartado 3 do artigo 8 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.
- b Pedimento de datos a terceiros en cumprimento do deber de colaboración coa Administración Tributaria.
- c Solicitud de valoracións, dictames de peritos ou outros expertos, ben da propia administración ou do sector privado.

Nos casos previstos nas alíneas anteriores a interrupción xustificada computarase desde o momento en que os referidos datos, informes, valoracións ou dictames se soliciten ou remitan ata a data en que se reciban.

- 2 Pola súa vez, consideraranse dilacións imputables ao obrigado tributario o atraso pola súa parte en dar cumprimento ás solicitudes de información, requirimentos ou comparecencias formuladas ou solicitadas pola Inspección dentro do ámbito das súas competencias, así como o aprazamento ou atraso das actuacións solicitado polo propio obrigado tributario nos casos en que se considere procedente. As solicitudes que non figuren integramente cubertas non se terán por recibidas para os efectos deste cómputo ata que non se cubran debidamente.

Todo o período de atraso en relación cos prazos inicialmente fixados considerarase dilación imputable ao obrigado tributario. Para os efectos do devandito cómputo, o atraso debido a dilacións imputables ao obrigado tributario contarase de data a data, por días naturais.

- 3 O obrigado tributario terá dereito, se o solicita, a coñecer o estado de tramitación do seu expediente e, trimestralmente, o cómputo das circunstancias sinaladas nos apartados anteriores.

Nos supostos de interrupción xustificada farase constar de forma xenérica, sen revelar os datos identificativos das persoas ou autoridades a quen se solicitara información ou dictames, as datas de solicitude e recepción, de ser o caso, de tales extremos. Sen prexuízo disto, cando o expediente estea ultimado, no trámite de audiencia previo á proposta de resolución, poderá coñecer a identidade das ditas persoas ou organismos.

- 4 A interrupción do cómputo de duración do prazo das actuacións inspectoras non impedirá a práctica das que durante a devandita situación puidesen desenvolverse.

Artigo 138 . Ampliación do prazo de duración das actuacións inspectoras.

- 1 O prazo a que se refire o artigo 136 anterior poderá ser ampliado, logo de acordo do Alcalde, por un prazo non superior ao inicialmente previsto cando conorra, en calquera dos exercicios ou tributos a que se refire a actuación, algunha das seguintes circunstancias:
- a Que se trate de actuacións que revistan especial complexidade.
 - b Cando no seu transcurso se descubra que o contribuínte ocultou algunha das actividades empresariais, profesionais ou artísticas que realice.

Para estes efectos, poderá considerarse que o contribuínte ocultou algunha das actividades empresariais, profesionais ou artísticas que realiza cando a Inspección dispoña de datos que poñan de manifesto a realización por parte daquel de calquera actividade, empresarial, profesional ou artística respecto á que non presentou declaración, ou de actividades empresariais, profesionais ou artísticas distintas das declaradas.

Considerarase como actividade distinta á declarada aquela que dera lugar á tributación polo imposto sobre actividades económicas nun grupo distinto a aquel que corresponda ao do epígrafe en que se encontra dado de alta o contribuínte, ou cando se desenvolva a actividade nunha unidade de local non declarada para os efectos do citado imposto.

- 2 Para os efectos da ampliación do prazo de duración das actuacións de comprobación e investigación, a apreciación da concorrencia dalgunha das circunstancias mencionadas no apartado anterior realizarase polo xefe do servizo de xestión e inspección tributaria
- 3 O acordo será motivado, notificarase ao interesado, non será susceptible de recurso e non poderá dictarse en tanto no transcorreran cando menos seis meses desde o inicio das actuacións, co fin de que, durante o devandito prazo, poida apreciarse debidamente a necesidade de ampliar a súa

duración. Para estes efectos, non se tomarán en conta as interrupcións xustificadas nin as dilacións imputables ao interesado que concorran na actuación.

Artigo 139. Efectos do incumprimento dos prazos.

Iniciadas as actuacións de investigación e comprobación, deberán proseguir ata o seu remate, de acordo coa súa natureza e carácter, aínda que transcorrera o prazo legalmente previsto.

Malia o anterior, a interrupción inxustificada durante seis meses das actuacións inspectoras anteriores e das de liquidación, producida por causas non imputables ao obrigado tributario, ou o incumprimento do prazo previsto para a finalización das actuacións, producirá o único efecto de que non se considere interrompida a prescrición como consecuencia das actuacións realizadas ata a interrupción inxustificada ou ata a finalización do seu prazo de duración.

Artigo 140 . Desenvolvemento das actuacións inspectoras.

- 1 A Inspección poderá requirir a comparecencia do obrigado tributario, persoalmente ou por medio de representante, os días que resulten precisos para o desenvolvemento das súas actuacións, no lugar e hora que se considere conveniente para este efecto.

Cada día, a Inspección practicará as actuacións que considere oportunas. Ao remate das actuacións de cada día, a Inspección poderá fixar o lugar, día e hora para continualas, o que poderá facerse desde o día hábil seguinte.

- 2 Así mesmo, a Inspección poderá presentarse nos locais da actividade do obrigado tributario ou noutras dependencias da actividade para a práctica das actuacións que considere pertinentes. Cando os funcionarios da Inspección actúen fóra das súas oficinas, manifestando a súa condición, deberán acreditar a súa personalidade se son requiridos para facelo.

3 As actuacións inspectoras consideraranse interrompidas de maneira inxustificada cando, sen estar finalizadas, non se practicasen durante máis de seis meses seguidos, agás que isto sexa consecuencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 137 anterior.

4 A Inspección deberá practicar as súas actuacións procurando sempre perturbar na menor medida posible o desenvolvemento normal das actividades laborais, empresariais ou profesionais do obrigado tributario.

Cando as actuacións se desenvolvan nas oficinas do obrigado tributario, este deberá poñer a disposición da Inspección un lugar de traballo adecuado.

Artigo 141. Comparecencia do obrigado tributario.

1 O obrigado tributario, requirido para este efecto por escrito, deberá presentarse, persoalmente ou por medio do representante, no lugar, data e hora sinalados para a práctica das actuacións, tendo a disposición da Inspección ou achegándolle a documentación e demais elementos solicitados.

2 Cando a Inspección se presente sen previo requirimento no lugar onde teñan que practicarse as actuacións, o obrigado tributario deberá atendela se estivese presente.

Artigo 142 . Permanencia dos funcionarios nas actuacións inspectoras.

1 As actuacións de comprobación e investigación levaranse a cabo, en principio, ata a súa conclusión polos funcionarios da Inspección que as iniciaran, salvo cese, traslado, enfermidade ou ben outra xusta causa de substitución, atendendo especialmente ao carácter específico das actuacións a desenvolver, e sen prexuízo da facultade de calquera superior xerárquico de asumir as ditas actuacións cando proceda.

2 Os funcionarios da Inspección deberán absterse de intervir no procedemento, comunicándoo ao seu superior inmediato, cando concorran calquera dos motivos a que se refire o artigo 28 da Lei 30 /1992,

do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

- 3 Poderá promoverse a recusación no procedemento da Inspección nos termos previstos no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 143. Alegacións e audiencia ao interesado.

- 1 En calquera momento anterior ao trámite de audiencia, o interesado poderá aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo, que serán tidos en conta ao redactar a correspondente proposta de resolución.
- 2 En todo caso, con carácter previo á formalización das actas darase audiencia ao interesado para que poida alegar o que lle conveña ao seu dereito.

Artigo 144. Comprobación abreviada.

- 1 As actuacións de comprobación e investigación poderán efectuarse con carácter abreviado nos seguintes casos:
 - a Cando a Inspección considere xustifico realizar a comprobación utilizando unicamente os datos e antecedentes que estean xa en poder da Administración Tributaria local.
 - b Cando sinxelamente se constate a existencia dun débito tributario vencido e non autoliquidado e ingresado na súa totalidade nos prazos regulamentarios, deducido da contabilidade, rexistros ou documentos contables ou extracontables do suxeito pasivo, sen prexuízo da posterior comprobación completa da situación tributaria daquel.

- 2 O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo das facultades dos órganos xestores para corrir os erros que advirtan ao controlar as declaracións tributarias practicando as liquidacións provisionais que procedan, e para dictar liquidacións provisionais de oficio de acordo coa lei.

Artigo 145. Medidas cautelares no procedemento de inspección.

- 1 A Inspección poderá, de acordo coa lei, adoptar as medidas de precaución e garantía que xulgue adecuadas para impedir que desaparezan, se destrúan ou alteren os libros, documentos e demais antecedentes suxeitos a exame ou se negue posteriormente a súa existencia e exhibición.
- 2 As medidas poderán consistir, de ser o caso, no precinto, depósito ou incautación dos arquivos, locais ou equipos electrónicos de tratamento de datos que poidan conter a información de que se trate. Para tales efectos, a Inspección poderá recabar das autoridades competentes e dos seus axentes o auxilio e colaboración que considere precisos.

A adopción destas medidas deberá documentarse adecuadamente.

- 3 As medidas cautelares haberán de ser proporcionadas co fin que se persiga ou ao dano que se pretenda evitar. En ningún caso se adoptaran aquelas medidas que poidan producir un prexuízo de difícil ou imposible reparación.
- 4 As medidas así adoptadas levantaránse se desaparecen as circunstancias que xustificaron a súa adopción.

Artigo 146. Entrada e recoñecemento de predios

- 1 A Inspección poderá entrar nos predios, locais de negocio e demais establecementos ou lugares nos que se desenvolvan actividades ou explotacións sometidas a gravame, existan bens suxeitos a tributación, se produzan feitos impositivos ou exista algunha proba deles, sempre que o xulgue

conveniente para a práctica de calquera actuación e, en particular, para recoñecer os bens, despachos, instalacións ou explotacións do interesado, practicando cantas actuacións probatorias conexas sexan necesarias.

- 2 Precisarase autorización escrita, asinada polo Alcalde cando a entrada e recoñecemento se intenten a respecto de predios ou lugares do obrigado tributario onde non se desenvolvan actividades de natureza empresarial ou profesional.

A mesma autorización será precisa cando o interesado ou a persoa baixo a que se encontren custodiados os predios se opuxesen á entrada da Inspección, sen prexuízo, en todo caso, da adopción das medidas cautelares que procedan. Os interesados deberán sempre, sen máis trámite, permitir o acceso da Inspección ás súas oficinas, onde deben ter a disposición daquela durante a xornada laboral aprobada para cada empresa a súa contabilidade e demais documentos e xustificantes que atinxan ao seu negocio.

- 3 Cando a entrada e recoñecemento se refiran ao domicilio particular dunha persoa física será precisa a obtención do oportuno mandamento xudicial, se non media consentimento do interesado.
- 4 Considerarase que o interesado ou o custodio dos predios prestan a súa conformidade á entrada ou recoñecemento cando executen os actos normalmente necesarios que deles dependan para que aquelas operacións poidan levarse a cabo. Non obstante, cando a entrada e recoñecemento se refiran a un domicilio particular requirirase expresamente do interesado o consentimento para o acceso, advertíndoo dos seus dereitos.

Artigo 147. Outras facultades da Inspección .

- 1 Nos portos, estacións de ferrocarril e de transportes terrestres e nos aeroportos, nos mercados centrais, matadoiros, lonxas e lugares de natureza análoga, permitirase libremente a entrada da Inspección ás súas estacións, peiraos, e oficinas para a toma dos datos que resultaren necesarios para as súas actuacións, podendo requirirse aos empregados para que certifiquen a exactitude dos datos e antecedentes tomados.

- 2 A Inspección está así mesmo facultada:
- a Para recabar información dos traballadores ou empregados sobre cuestións relativas ás actividades laborais en que participen.
 - b Para realizar medicións ou tomar mostras, así como obter fotografías, esbozos ou planos. Estas operacións poderán ser realizadas pola propia Inspección.
 - c Para recabar o dictame de peritos. Para tal fin, nos órganos con funcións propias da Inspección poderá prestar os seus servizos persoal facultativo.
 - d Para esixir a exhibición de obxectos determinantes da exacción dun tributo.
 - e Para verificar os sistemas de control interno da empresa, en canto poida facilitar a comprobación da situación tributaria do interesado.

Artigo 148 .Resistencia á actuación da Inspección .

- 1 Considerarase obstrución ou resistencia á actuación inspectora toda conduta do obrigado tributario con quen se entendan as actuacións, do seu representante ou mandatario, que tenda a dilatar, entorpecer ou impedir as actuacións inspectoras.
- 2 En particular, constituirán obstrución ou resistencia á actuación inspectora:
- a A incomparecencia reiterada do obrigado tributario, persoalmente ou por medio de representante, salvo causa xustificada, no lugar, data e hora que se lle sinalase en tempo e forma para a iniciación das actuacións, o seu desenvolvemento ou terminación, nos termos previstos nesta Ordenanza.
 - b A negativa a exhibir os libros, rexistros e documentos de levanza e conservación obrigatorias.
 - c A negativa a facilitar datos, informes, xustificantes e antecedentes relacionados co obrigado tributario e que expresamente lle sexan demandados, así como ao recoñecemento de locais,

máquinas, instalacións e explotacións relacionados con feitos impositivos ou coa súa cuantificación.

- d Negar indebidamente a entrada da Inspección nos predios e locais ou a súa permanencia neles.
- e As coaccións ou a falta da debida consideración á Inspección, sen prexuízo das demais responsabilidades que caiba esixir.

Artigo 149. Remate das actuacións inspectoras.

As actuacións inspectoras daranse por rematadas cando, a xuízo da Inspección , se obtiveran os datos e probas necesarios para fundamentar os actos de xestión que proceda dictar, ben considerando correcta a situación tributaria do interesado ou ben regularizándoa conforme a dereito.

Artigo 150. Formalización

Cando proceda concluír as actuacións inspectoras, procederase sen máis a documentar o seu resultado consonte o disposto ao respecto nesta Ordenanza, entendéndoseas así rematadas.

Artigo 151 . Normas xerais sobre a documentación das actuacións inspectoras

- 1 As actuacións da Inspección documentaranse en dilixencias, comunicacións, informes e actas previas ou definitivas.
- 2 Estes documentos non son de obrigada formalización pola Inspección, senón nos termos establecidos por esta Ordenanza.
- 3 Os funcionarios da Inspección poderán tamén tomar cantas notas ou apuntes consideren convenientes en papeis do seu uso persoal exclusivo.

Artigo 152 . Comunicaci3ns

- 1 Son comunicaci3ns os medios documentais mediante os que a Inspecci3n se relaciona unilateralmente con calquera persoa, no exercicio das s3as funci3ns.
- 2 Nas comunicaci3ns, a Inspecci3n poder3 poñer feitos ou circunstancias en coñecemento dos obrigados tributarios interesados nas actuaci3ns, as3 como efectuarlle a estes os requirimentos que procedan.

As comunicaci3ns poder3n incorporarse ao contido das dilixencias que se estendan.

- 3 As comunicaci3ns, unha vez asinadas pola Inspecci3n, notificaranse aos interesados consonte o disposto nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de r3xime xur3dico das administraci3ns p3blicas e do procedemento administrativo com3n.
- 4 Nas comunicaci3ns farase constar o lugar e a data da s3a expedici3n, a identidade da persoa ou entidade e o lugar aos que se dirixen, a identificaci3n e a sinatura de quen as remita, e os feitos ou circunstancias que se comunican ou o contido do requirimento que a trav3s da comunicaci3n se efect3a.

Cando a comunicaci3n sirva para facer saber ao interesado o inicio de actuaci3ns inspectoras, farase constar nela a interrupci3n da prescripci3n que a s3a notificaci3n, se o caso, sup3a.

- 5 As comunicaci3ns estenderanse por duplicado, e a Inspecci3n deber3 conservar un exemplar.

Artigo 153 . Dilixencias

- 1 Son dilixencias os documentos que estende a Inspecci3n no curso do procedemento inspector para facer constar cantos feitos ou circunstancias con relevancia para o servico se produzan naquel, as3 como as manifestaci3ns da persoa ou persoas coas que act3a.

- 2 As dilixencias non conteñen propostas de liquidación tributaria e poden ben ser documentos preparatorios das actas previas ou definitivas ou ben servir para constancia daqueles feitos ou circunstancias determinantes da iniciación dun procedemento diferente do propiamente inspector, incorporándose en documento independente a mera proposta da Inspección con este fin.
- 3 Nas dilixencias constarán o lugar e a data da súa expedición, así como a dependencia, oficina, despacho ou domicilio onde se estenda; a identificación dos funcionarios da Inspección que subscriban; o nome e apelidos, número do documento nacional de identidade e a sinatura, se o caso, da persoa coa que se entendan as actuacións, así como o carácter ou representación coa que intervén; a identidade do obrigado tributario a quen se refiran as actuacións e, finalmente, os propios feitos ou circunstancias que constitúen o contido propio da dilixencia.

As dilixencias poderán estenderse sen suxeición necesariamente a un modelo preestablecido.

- 4 Das dilixencias que se estendan entregarase sempre un exemplar á persoa coa que se entendan as actuacións. Se se negase a recibilo, remitiráselle por calquera dos medios admitidos en dereito.

Cando a devandita persoa se negase a asinar a dilixencia, ou non puidese ou soubese facelo, farase constar nela, sen prexuízo da entrega do duplicado correspondente nos termos previstos no parágrafo anterior.

- 5 Cando a natureza das actuacións inspectoras non requira a presenza dunha persoa coa que se entendan tales actuacións, a dilixencia en que se recolla o seu resultado será asinada unicamente polos actuarios e remitirase un exemplar dela ao interesado conforme a dereito.

Artigo 154 .Contido das dilixencias

- 1 Deberán constar en dilixencia os elementos dos feitos impositivos ou da súa valoración e os demais que determinan a contía das cotas tributarias que, non debendo de momento xerar liquidación tributaria algunha, sexa conveniente documentar para a súa incorporación ao respectivo expediente administrativo.

- 2 As dilixencias recollerán, así mesmo, os resultados das actuacións de obtención de información, así como a iniciación das actuacións inspectoras en persoa.
- 3 En particular, a Inspección fará constar en dilixencia para permitir a incoación do correspondente expediente administrativo:
 - a As accións ou omisións constitutivas de infraccións tributarias simples, para os efectos da súa sanción polos órganos competentes.
 - b Os feitos que coñeza a Inspección a través de calquera dos seus órganos e sexan de transcendencia tributaria para outros órganos da Administración do Estado ou para outras administracións públicas.
 - c A identidade de quen sexa responsable solidario ou poida selo subsidiariamente da débeda tributaria, así como as circunstancias e antecedentes determinantes de tal responsabilidade.
 - d Os feitos e circunstancias que permitan a incoación do expediente de revisión a que se refire o artigo 154 de la Lei xeral tributaria.
 - e As accións ou omisións que puidesen ser constitutivas de delitos públicos e chegue a coñecer, se é o caso, a Inspección no curso das súas actuacións.
 - f A adopción de medidas cautelares no curso do procedemento inspector, así como a índole destas.
 - g Os feitos que resulten de actuacións relativas a expedientes de devolución de ingresos indebidos.

Artigo 155 . Informes.

- 1 A inspección emitirá, de oficio ou por pedimento de terceiros, os informes que:
 - a Sexan preceptivos consonte o ordenamento xurídico.

- b Lle soliciten outros órganos e servicios da administración ou os poderes legislativo e xudicial nos termos previstos polas leis.
 - c Resulten necesarios para a aplicación dos tributos, neste caso fundamentarase a conveniencia de emitilos.
- 2 En particular, a Inspección deberá emitir informe:
- a Para completar as actas de desconformidade ou de proba preconstituída que incoe.
 - b Cando resulte aplicable o réxime de estimación indirecta de bases tributarias ou proceda a utilización de métodos indiciarios.
 - c Cando se promova a iniciación do procedemento especial de declaración de fraude de lei en materia tributaria.
 - d Para completar aquelas dilixencias que recollan feitos que puidesen ser constitutivos de infracción tributaria simple, detallando as circunstancias que puidesen servir para graduar, de ser o caso, a sanción correspondente.
- 3 Sempre que o funcionario da Inspección o considere necesario para a aplicación dos tributos, poderá emitir informe xustificando a conveniencia de facelo. Así mesmo, o xefe do Servicio de Xestión e Inspección, cando o xulgue conveniente para completar actuacións inspectoras, poderá dispoñer que os funcionarios da Inspección emitan informe ou emitilo el mesmo á vista do expediente.
- A Inspección dos Tributos poderá emitir informe para describir a situación dos bens ou dereitos do suxeito pasivo co obxecto de facilitar a xestión recadadora do cobro das débedas tributarias liquidadas.
- 4 Cando os informes da Inspección completen a proposta de liquidación contida nun acta, recollerán, especialmente, o conxunto de feitos e os fundamentos de dereito que sustenten aquela.

Artigo 156. Actas de inspección.

- 1 Son actas aqueles documentos que estende a Inspección coa finalidade de recoller os resultados das súas actuacións de comprobación e investigación, proponendo, en todo caso, a regularización que considere procedente da situación tributaria do suxeito pasivo en concepto de cota, recargos e xuros de mora ou ben declarándoa correcta.
- 2 As actas son documentos directamente preparatorios das liquidacións tributarias derivadas das actuacións inspectoras de comprobación e investigación, incorporando unha proposta de tales liquidacións.
- 3 Nas actas da Inspección que documenten o resultado das súas actuacións consignaranse:
 - a O lugar e a data da súa formalización.
 - b A identificación persoal dos funcionarios da Inspección que a subscriben.
 - c O nome e apelidos, número de documento nacional de identidade e a sinatura da persoa coa que se entenden as actuacións e o carácter ou representación con que intervén nas mesmas; así como, en calquera caso, o nome e apelidos ou a razón ou denominación social completa, o número de identificación fiscal e o domicilio tributario do interesado.
 - d A data de inicio das actuacións e o criterio seguido no cómputo do prazo de duración das mesmas cando excedan de doce meses.
 - e Os elementos esenciais do feito imponible e da súa atribución ao suxeito pasivo con expresión dos feitos e circunstancias con transcendencia tributaria que resultaran das actuacións inspectoras ou referencia as dilixencias onde se fixeran constar.
 - f Así mesmo, farase constar se o interesado presentou ou non, ao abeiro do artigo 21 da Lei 1/1998 do 26 de febreiro, de dereitos e garantías do contribuínte, alegacións e, en caso de que as efectuara, deberá realizarse unha valoración daquelas.
 - g Se é o caso, a regularización da situación tributaria do interesado que os funcionarios da Inspección consideren procedente, con expresión da débeda tributaria debida polo suxeito pasivo ou responsable solidario, en concepto de cota, recargos e xuros de mora.

- h A conformidade ou desconformidade do suxeito pasivo ou responsable tributario.
- i A expresión dos trámites inmediatos do procedemento incoado como consecuencia da acta e, cando a acta sexa de conformidade, dos recursos que procedan contra o acto de liquidación derivado daquela, órgano ante o que se presentarán e prazo para interpoñelos.
- j De ser o caso, farase constar a ausencia de motivos para proceder á apertura do procedemento sancionador, no suposto de que, a xuízo do funcionario da Inspección, non estea xustificada a súa iniciación.

Para estes efectos, se transcorridos os prazos previstos nesta Ordenanza, en relación coas actas de conformidade e respecto das actas de desconformidade, non se ordenase a iniciación do procedemento sancionador, este non poderá iniciarse con posterioridade ao transcurso de tales prazos, sen prexuízo do disposto na Lei xeral tributaria en materia de revisión de actos administrativos.

- 4 Cando sexa empresario ou profesional o suxeito pasivo, e respecto dos tributos para os que sexa transcendente, deberá facerse constar na acta a situación dos libros ou rexistros obrigatorios do interesado, con expresión dos defectos ou anomalías advertidos ou, pola contra, de que do seu exame cabe deducir racionalmente que non existe anomalía ningunha que sexa substancial para a exacción do tributo de que se trate.
- 5 En relación con cada tributo ou concepto impositivo, poderá estenderse unha única acta respecto de todo o período obxecto de comprobación, co obxecto de que a débeda resultante do conxunto dos exercicios integrantes do dito período poida determinarse mediante a suma alxebrica das liquidacións referidas aos distintos exercicios.
- 6 A Inspección estenderá as súas actas nos modelos oficiais aprobados para este efecto polo Alcalde.
- 7 Se, pola súa extensión, non puidesen recollerse no modelo de acta todas as circunstancias que deban constar nela, reflectiranse nun anexo, que formará parte da acta para todos os efectos e formalizarase en modelo oficial.

Artigo 157 . Actas previas.

- 1 As actas que estende a Inspección poden ser previas ou definitivas. Son actas previas as que dan lugar a liquidacións de carácter provisional, a conta das definitivas que posteriormente se poidan practicar.
- 2 Procederá a incoación dunha acta previa:
 - a Cando, en relación cun mesmo tributo e idéntico período, o suxeito pasivo ou responsable, acepte só parcialmente a proposta de regularización da súa situación tributaria efectuada pola Inspección. Neste caso, documentarase en primeiro lugar e nunha acta previa o resultado das actuacións ás que o interesado preste conformidade expresa, instruíndose acta de desconformidade polos demais conceptos. En cada unha das actas farase referencia á formalización da outra.

A liquidación derivada da acta previa terá o carácter de a conta da que como complementaria ou definitiva se derive da acta de desconformidade que simultaneamente se incoe.

Tamén poderá utilizarse a acta previa de conformidade simultaneamente coa definitiva de desconformidade nos casos en que o interesado se mostre conforme coa cota regularizada e desconforme coa liquidación dalgún ou de todos os demais elementos determinantes da débeda tributaria.
 - b Cando a Inspección non puidese ultimar a comprobación ou investigación dos feitos ou bases impositivos e sexa necesario suspender as actuacións, sendo posible a liquidación provisional.
 - c Nos supostos de comprobación abreviada previstos no artigo 144 desta Ordenanza, salvo que a xuízo da Inspección poida practicarse liquidación definitiva.

- 3 Cando a Inspección estenda un acta co carácter de previa deberá facelo constar expresamente, sinalando as circunstancias que determinan tal carácter e os elementos do feito impositivo ou da súa valoración a que se estendera xa a comprobación inspectora.
- 4 As actas previas tramitaranse atendendo a que o suxeito pasivo ou responsable manifestara ou non a súa conformidade coa proposta de liquidación contida na acta.

Artigo 158 . Actas sen descubrimento de débeda

Son actas sen descubrimento de débeda aquelas das que se deriva unha liquidación sen débeda a ingresar polo suxeito pasivo.

As actas sen descubrimento de débeda poden ser de comprobación e conformidade ou supoñer unha regularización da situación tributaria do suxeito pasivo.

Artigo 159 . Actas de comprobación e conformidade

- 1 Se a Inspección considerase correcta a situación tributaria do suxeito pasivo, farao constar en acta, na que detallará os conceptos e períodos a que a conformidade se estende. A dita acta denominarase de comprobación e conformidade.
- 2 Estenderase acta de comprobación e conformidade por todos os períodos impositivos ou polas declaracións tributarias a que a conformidade se estenda e respecto de cada tributo ou concepto obxecto de comprobación.
- 3 Tales actas de comprobación e conformidade poderán estenderse en presenza do interesado ou do seu representante ou enviarse por correo certificado con xustificante de recepción.
- 4 As actas de comprobación e conformidade tramitaranse do mesmo xeito cás de conformidade.

Non obstante, o interesado poderá manifestar a súa desconformidade por entender que non era correcta a liquidación por el formulada. Neste caso, a acta de comprobación e conformidade, excepcionalmente, tramitarase igual ca un acta de desconformidade. Se a acta lle foi enviada ao suxeito pasivo por correo, poderá formular as alegacións que considere pertinentes dentro dos quince días seguintes á súa recepción, tramitándose noutro caso a acta como de conformidade, a partir sempre da data da súa notificación.

Artigo 160. Actas sen descubrimento de débeda con regularización da situación tributaria do suxeito pasivo

- 1 Cando da regularización que considere procedente a Inspección da situación tributaria dun suxeito pasivo non resulte débeda tributaria ningunha, estenderase acta, facendo constar nela a conformidade ou desconformidade do interesado, e tramitándose a acta de acordo coa dita manifestación.
- 2 Cando da dita regularización resulte unha cantidade a devolver ao interesado, a liquidación derivada da acta que se incoe servirá para que o Servicio de Xestión e Inspección inicie de inmediato o correspondente expediente de devolución de ingresos indebidos. O crédito a favor do interesado terá a consideración de recoñecido, liquidado e notificado.
- 3 Cando das actas que documenten os resultados dunha mesma actuación de comprobación e investigación resulten liquidacións de distinto signo relativas a un mesmo suxeito pasivo, unha vez estas sexan firmes, o Alcalde, por pedimento do interesado, acordará, en todo caso durante o período voluntario de recadación, a compensación das débedas e créditos ata onde alcancen aquelas. A compensación acordada non prexudicará, se é o caso, a concesión de aprazamentos ou fraccionamentos da débeda tributaria restante.

Artigo 161 . Clases de actas a efectos da súa tramitación

- 1 As actas da Inspección serán de conformidade ou de desconformidade segundo que o interesado aceptara integramente ou non a proposta de liquidación practicada na acta pola Inspección.

- 2 En todo caso, as actas da Inspección serán asinadas polas dúas partes, entregándose un exemplar ao interesado. Cando este se negue a subscribila ou a recibir un exemplar, a acta tramitarase como de desconformidade. Se o interesado non sabe ou non pode asinar a acta, o actuario fará constar esta circunstancia.

Artigo 162 . Actas de conformidade

- 1 Cando, perante os criterios expostos e probas achegadas pola Inspección, o suxeito pasivo ou responsable solidario preste a súa conformidade á proposta de liquidación practicada na acta pola Inspección, esta farao constar así nela e o interesado terase por notificado do seu contido.
- 2 Cando a acta sexa de conformidade e con descubrimento de débeda, o interesado deberá ingresar o importe da débeda tributaria baixo apercebimento da súa exacción pola vía do constrinximento en caso de falta de pagamento, nos prazos previstos no apartado segundo do artigo 20 do Regulamento xeral de recadación. Será data determinante do cómputo destes prazos aquela en que se entenda producida a liquidación derivada da acta.

Co exemplar da acta farase entrega ao interesado dos documentos de ingreso precisos para efectuar o pagamento da débeda tributaria.

Artigo 163 . Actas de desconformidade

- 1 Cando o suxeito pasivo ou responsable se negue a subscribir a acta ou subscribíndoa non preste a súa conformidade á proposta de regularización contida nela, incoarase o correspondente expediente administrativo que será tramitado polo órgano actuante da Inspección, quedando o interesado advertido no exemplar que se lle entregue do seu dereito a presentar perante o dito órgano as alegacións que considere oportunas dentro do prazo dos quince días seguintes á data en que se estendeu a acta ou da súa recepción.

- 2 Se a persoa coa que se realizan as actuacións se negase a asinar a acta, a Inspección farao constar nela, así como a mención de que se lle entrega un exemplar duplicado. Se a citada persoa se negase a recibir o duplicado da acta, o funcionario da Inspección farao constar igualmente e, en tal caso, o correspondente exemplar seralle enviado ao interesado, nos tres días seguintes, por algún dos medios previstos nas disposicións vixentes.
- 3 Nas actas de desconformidade expresaranse, co detalle que sexa preciso, os feitos e, sucintamente, os fundamentos de dereito en que se basee a proposta de regularización. Estes serán obxecto de desenvolvemento nun informe de ampliación elaborado pola Inspección, do que se dará traslado ao suxeito pasivo ou responsable de forma conxunta coas actas. Tamén se recollerá no corpo da acta de forma expresa a desconformidade manifestada polo interesado ou as circunstancias que lle impiden prestar a conformidade, sen prexuízo de que no seu momento poida alegar canto conveña ao seu dereito.

Artigo 164 . Actas con proba preconstituída

- 1 Cando exista proba preconstituída do feito imponible, consonte co disposto no apartado segundo do artigo 146 da Lei xeral tributaria, poderá estenderse acta sen a presenza do obrigado tributario ou o seu representante.

Existirá proba preconstituída do feito imponible, cando este poida reputarse probado, segundo as regras de valoración da proba contidas nos artigos 114 a 119 da Lei xeral tributaria.

Na acta expresaranse, co detalle necesario, os feitos e medios de proba empregados e xuntaráselle, en todo caso, o informe do funcionario da Inspección.

- 2 Con carácter previo á formalización da acta, notificarase ao obrigado tributario a iniciación do correspondente procedemento e abrirase un prazo, non inferior a dez días nin superior a quince, no que se lle porá de manifesto o expediente, para que o interesado poida alegar o que ao seu dereito conveña e presentar os documentos e xustificantes que considere pertinentes.

Artigo 165 . Lugar de formalización das actas

A Inspección poderá determinar que as actas sexan estendidas e asinadas ben na oficina, local de negocio, despacho ou vivenda do suxeito pasivo ou responsable, ben nas oficinas do Servicio de Xestión e Inspección Tributaria .

Artigo 166 .Tramitación das dilixencias

- 1 As dilixencias que estenda a Inspección para facer constar feitos ou circunstancias, coñecidos no curso do procedemento inspector e relativos ao obrigado tributario nas mesmas actuacións inspectoras, incorporaranse ao respectivo expediente de inmediato.
- 2 As dilixencias que recollan os resultados de actuacións inspectoras de obtención de información serán entregadas polos actuarios de acordo coas directrices recibidas para a análise da información obtida.
- 3 As dilixencias que estenda a Inspección para permitir a incoación do correspondente procedemento ou expediente na marxe do propio procedemento inspector serán entregadas polo funcionario da Inspección no prazo de cinco días, adoptando as medidas precisas para que se incoen os expedientes que procedan ou se dea traslado das dilixencias polo conducto adecuado ás administracións ou órganos competentes.
- 4 Cando unha dilixencia recolla accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infraccións tributarias simples, procederase, se é o caso, á iniciación do correspondente expediente sancionador.

Artigo 167 . Liquidacións tributarias derivadas das actas

- 1 Consonte co apartado c) do artigo 140 da Lei xeneral tributaria, a Inspección practicará as liquidacións tributarias resultantes das actas que documenten os resultados das súas actuacións de comprobación e investigación.

- 2 Corresponderá ao Alcalde dictar os actos administrativos de liquidación tributaria que procedan.
- 3 Cando se trate de actas de conformidade, entenderase producida a liquidación tributaria de acordo coa proposta formulada na acta se, transcorrido o prazo dun mes desde a data desta, non se notificou ao interesado o acordo do xefe do Servicio de Xestión e Inspección Tributaria polo que se dicta acto de liquidación rectificando os erros materiais apreciados na proposta formulada na acta, se inicia o expediente administrativo a que se refire o apartado seguinte, ou ben se deixa sen eficacia a acta estendida e se ordena completar as actuacións practicadas durante un prazo non superior a tres meses.

Neste último suposto, o resultado das actuacións complementarias documentarase en acta, que se tramitará de acordo coa súa natureza.

- 4 Se o xefe do Servicio de Xestión e Inspección Tributaria observase na proposta de liquidación formulada na acta erro na apreciación dos feitos en que se funda ou indebida aplicación das normas xurídicas, acordará de forma motivada a iniciación do correspondente expediente administrativo, notificándoo ao interesado dentro do prazo dun mes a que se refire o apartado anterior.

O interesado poderá formular as alegacións que considere convenientes, dentro dos quince días seguintes á notificación do acordo adoptado. Transcorrido o prazo de alegacións, nos quince días seguintes dictarase a liquidación que corresponda.

- 5 Cando a acta sexa de desconformidade, o Alcalde, á vista da acta e o seu informe e das alegacións formuladas, de ser o caso, polo interesado, dictará o acto administrativo que corresponda dentro do mes seguinte ao remate do prazo para formular alegacións.

Así mesmo, dentro do mesmo prazo para resolver, o xefe do Servicio de Xestión e Inspección Tributaria poderá acordar que se complete o expediente en calquera dos seus extremos, practicando a Inspección as actuacións que procedan nun prazo non superior a tres meses. Neste caso, o acordo adoptado notificarase ao interesado e interromperá o cómputo do prazo para resolver. Rematadas as actuacións complementarias, documentaranse segundo proceda a teor dos seus resultados. No caso de extensión da acta, esta substituirá en todos os seus extremos á anteriormente formalizada e

tramitarase segundo proceda. Noutro caso, porase de novo o expediente completo de manifesto ao interesado por un prazo de quince días, resolvéndoo dentro do mes seguinte.

- 6 Cando a acta sexa de proba preconstituída, o Alcalde dictará o acto administrativo que proceda dentro do mes seguinte ao remate do prazo para formular alegacións.

Artigo 168 . Recursos e reclamacións contra as liquidacións derivadas das actas de inspección

- 1 As liquidacións tributarias producidas consonte a proposta contida nunha acta de conformidade e os demais actos de liquidación dictados pola Inspección serán reclamables mediante a interposición do recurso de reposición obrigatorio regulado no apartado 2 do artigo 14 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais nos termos previstos nese precepto legal.

Non poderán impugnarse de tal xeito as actas de conformidade, senón unicamente as liquidacións tributarias, definitivas ou provisionais, resultantes daquelas.

- 2 En ningún caso poderán ser impugnadas polo obrigado tributario os feitos e os elementos determinantes das bases tributarias respecto aos que deu a súa conformidade, agás que probe ter incorrido en erro de feito.
- 3 Se o interesado comparecese mediante representante e impugnase a liquidación derivada dunha acta por falta ou insuficiencia do poder ou alegase esta circunstancia acerca dunha acta de desconformidade, a liquidación ou a acta serán válidas se as actuacións inspectoras se practicaron observando o disposto no artigo 132 desta Ordenanza.

Artigo 169 . Valor probatorio das actas e dilixencias da Inspección .

- 1 As actas e dilixencias estendidas pola Inspección teñen natureza de documentos públicos.

- 2 As actas e dilixencias formalizadas consonte as leis fan proba, salvo que se acredite o contrario, dos feitos que motiven a súa formalización e resulten da súa constancia persoal para os funcionarios da Inspección .

Os feitos consignados nas dilixencias ou actas e manifestados ou aceptados polos interesados presúmense certos e só poderán rectificarse por estes mediante proba de que incorreron en erro de feito.

- 3 Os actos administrativos cun contido que consista nunha liquidación tributaria derivada dun acta da Inspección gozan da presunción de legalidade, consonte o artigo 8º da Lei xeral tributaria, e por iso son inmediatamente executivos, aínda que poden suspenderse os seus efectos cando así o acorde o órgano competente, se contra eles se interpón recurso de reposición, de acordo coas disposicións correspondentes.

Artigo 170 . Sinatura das dilixencias e actas polos funcionarios da Inspección .

- 1 As dilixencias da Inspección serán subscritas polos funcionarios ou o persoal que practique as actuacións das que resulten os feitos ou circunstancias que se reflicten naquelas.
- 2 As actas da Inspección serán asinadas:
- a Polo funcionario ou os funcionarios que conxuntamente realizaran as correspondentes actuacións de comprobación e investigación.
 - b Polo funcionario ou os funcionarios que desempeñen un posto de traballo de nivel xerárquico superior cando as actuacións as realizaran en colaboración con distintos funcionarios ou persoal. Se é o caso, os resultados do instruído individualmente por cada funcionario documentaranse en dilixencia, subscribíndose finalmente a acta de acordo co conxunto das actuacións así practicadas.

Artigo 171 . Estimación indirecta de bases

- 1 O réxime de estimación indirecta de bases tributarias será subsidiario dos réximes de determinación directa ou estimación obxectiva, e aplicarase cando a Inspección non poida coñecer os datos necesarios para a estimación completa das bases impositibles ou das cotas por algunha das seguintes causas:
 - a Que o suxeito pasivo non presentara as súas declaracións ou as presentadas non permitan a estimación directa ou obxectiva das bases.
 - b Que o suxeito pasivo ofrezca resistencia, escusa ou negativa á actuación inspectora.
 - c Que o suxeito pasivo incumprise substancialmente as súas obrigas contables.
- 2 Cando resulte aplicable o réxime de estimación indirecta de bases tributarias, a Inspección achegará ás actas estendidas para regularizar a situación tributaria dos suxeitos pasivos un informe razoado sobre os extremos contidos no apartado 1 do artigo 23 desta Ordenanza.

A acta estendida incorporará a correspondente proposta de liquidación e tramitarase segundo a súa natureza.
- 3 Contra a liquidación tributaria resultante da acta, o interesado deberá interpoñer o recurso de reposición obrigatorio regulado no apartado 2 do artigo 14 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais nos termos previstos no citado precepto legal. No devandito recurso o interesado poderá alegar canto considere conveniente ao seu dereito e propoñer a procedencia da aplicación do réxime de estimación indirecta.

Artigo 172 . Métodos indiciarios

- 1 Poderán utilizarse métodos indiciarios para a determinación total ou parcial da base impositible no réxime de estimación directa cando as normas reguladoras dos distintos tributos locais o permitan ou cando as ditas normas establezan presuncións ou sinalen criterios de valoración de determinados

elementos da base imponible que esixan a realización de operacións de cuantificación fundadas en signos, índices ou módulos.

Cando a Inspección teña que utilizar estes métodos indiciarios deberá xuntar en todo caso á acta estendida un informe razoado sobre a xustificación do emprego de tales métodos e dos criterios ou módulos utilizados.

Artigo 173 . Beneficios fiscais

- 1 Cando a Inspección advirta que realmente non concorreron no seu momento os requisitos comprobados definitivamente no expediente para a concesión dun determinado beneficio fiscal, iniciará o expediente de revisión que proceda de acordo cos artigos 154 a 159 da Lei xeral tributaria.
- 2 A concesión de beneficios fiscais de calquera natureza mediante acordo ou resolución expresa e individualizada entenderase provisional cando estea condicionada ao cumprimento de certas condicións futuras ou á efectiva concorrencia de determinados requisitos non comprobados no expediente. Salvo disposición expresa en contrario dunha lei, se a Inspección comprobase que non concorreron tales condicións ou requisitos, practicará de inmediato as liquidacións que procedan, reputándose revogado ou non concedido o devandito beneficio fiscal.
- 4 Nas súas actuacións de comprobación e investigación, a Inspección verificará a correcta aplicación polos suxeitos pasivos nas súas declaracións-liquidacións de calquera redución, deducción, exención ou outros beneficios fiscais e practicará as liquidacións que procedan.

CAPITULO II . Dereitos e garantías no procedemento sancionador

Artigo 174 . Presunción de boa fe

A actuación dos contribuíntes presúmese realizada de boa fe.

Corresponde a proba de que concorren as circunstancias que determinan a culpabilidade do infractor na comisión de infraccións tributarias.

Artigo 175 . Procedemento separado

- 1 A imposición de sancións tributarias realizarase mediante un expediente distinto ou independente do instruído para a comprobación e investigación da situación tributaria do suxeito infractor, no que se dará en todo caso audiencia ao interesado.
- 2 Cando no procedemento sancionador vaian ser tidos en conta datos, probas ou circunstancias que consten ou fosen obtidos no expediente instruído nas actuacións de comprobación ou investigación da situación tributaria do suxeito infractor ou responsable, deberán incorporarse formalmente ao expediente sancionador antes do trámite de audiencia correspondente a este último.
- 3 O prazo máximo de resolución do expediente sancionador será de seis meses.
- 4 O acto de imposición de sanción poderá ser obxecto de recurso ou reclamación independente, se ben, no suposto de que o contribuínte impugne tamén a cota tributaria, acumularanse ambos os recursos ou reclamacións.

Artigo 176 . Suspensión da execución das sancións

A execución das sancións tributarias quedará automaticamente suspendida sen necesidade de achegar garantía, pola presentación en tempo e forma do recurso ou reclamación que contra aquelas proceda e sen que poidan executarse ata que sexan firmes na vía administrativa.

Disposición derradeira



Ordenanzas fiscais

134

Páxina

Esta Ordenanza aprobouse de xeito provisorio na sesión ordinaria do Pleno da Corporación celebrada o día vinteito de decembro de dous mil . No prazo de exposición ao público non se presentaron reclamacións e quedou definitivamente aprobada de conformidade co artigo 17 da Lei 39/88 de 28 de decembro, reguladora das facendas locais. Comezará a aplicarse a partir do día da publicación no Boletín Oficial da Provincia, e rexerá mentras non se acorde a súa derogación ou modificación.